

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 30 DE XANEIRO DE 2020.

Lugar: sala de sesións do Concello de Ames

Día: 30.01.2020

Hora de comezo: 20:30 h

Hora de finalización: 24:00 h

PERSOAS PRESENTES

Presidente	José M. Miñones Conde
Grupo municipal Socialista	José M. Miñones Conde
	Luisa Feijóo Montero
	José Blas García Piñeiro
	Susana Señorís Rodríguez
	Manuel Lens Cernadas
	Beatriz Martínez Domínguez
	Víctor Manuel Fernández Prieto
	Ana Belén Paz García
Grupo municipal Popular	Ramón García Argibay
	María Oliva Agra Costoya
	María Dolores Fernández Álvarez
	María Belén Castro Montenegro
	Francisco Javier Olmo Olmo
	Emilio Martínez Carballeira
Grupo municipal BNG	David Santomil Mosquera
	Natividad González Rodríguez
	Escarlata Pampín López
Grupo municipal Contigo Podemos	Genma Otero Uhía
	Vanessa Vidal Freire
Grupo municipal Mixto	Enrique Costas Bastero
	José Ramón Oulego Erroz

Asiste a interventora, Margarita Fernández Sobrino.

Actúa como secretaria a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

## ORDE DO DÍA

### A) Para dar conta:

1. Dar conta ao pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

### B) Para deliberación e acordo:

2. Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión ordinaria do 26.12.2019 e actas das sesións extraordinarias e urxentes do 27.12.2019 e do 28.12.2019).
3. Aprobación do gasto plurianual para financiar a achega municipal ao proxecto de "renovación de alumeadado público exterior no rural de Ames" financiado nun 80% polo programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, no marco da convocatoria que regula a concesión directa de axudas as entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono ( Real decreto 617/2017 modificado polo Real decreto 1516/2018).
4. Adhesión do Concello de Ames, como socio titular, á -Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad.
5. Aprobación inicial da primeira modificación do Regulamento de Participación Cidadá.
6. Aprobación inicial da segunda modificación do regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal de frecuencia modulada Ames Radio do Concello de Ames.
7. Aprobación proxecto técnico de Rede de saneamento no lugar de Castelo. Actuación vinculada o Ciclo Integral da Auga (C.I.A.).
8. Proposta presentada polo concelleiro José Ramón Oulego Erroz (Grupo Mixto), relativa á adhesión ao programa Viogen. (R.E. 202000000000461 de 16.01.2020)
9. Proposta presentada polo grupo municipal Socialista sobre a política do Goberno galego en relación a prestación do servizo de Pediatría (R.E. núm 202000000000605 de 20.01.2020)
10. Proposta presentada polo grupo municipal Socialista sobre o financiamento das entidades locais na prestación do servizo de Axuda no Fogar. (R.E. núm 202000000000607 de 20.01.2020).
11. Proposta presentada polos grupos municipais para solicitar a mellora da seguridade vial na AC-544 ao seu paso polas parroquias do Concello de Ames ( R.E. núm 202000000000638 do 21.01.2020),
12. Proposta presentada polo concelleiro José Ramón Oulego Erroz (Grupo Mixto), relativa á conmemoración do día internacional contra a corrupción (R.E. núm 202000000000640 do 21.01.2020).
13. Proposta presentada polo concelleiro José Ramón Oulego Erroz (Grupo Mixto), en apoio aos órganos constitucionais e para instar ao actual goberno de España a non realizar concesións aos grupos independentistas. (R.E. 202000000000641 do 21.01.2020).

### C) MOCIÓNS.

### D) PARA CONTROL DO GOBERNO:

14. Rogos e Preguntas.

## ORDE DO DÍA

### A) PARA DAR CONTA

**Punto Primeiro. Dar conta ao pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.**

O alcalde, José M. Miñones Conde, informa á Corporación que os decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria, estiveron á disposición de todas/os as/os concelleiras/os na Secretaría Xeral, engadindo que o acceso aos decretos é libre para todas/os as/os concelleiras/os en calquera momento na Secretaría Xeral do Concello, así como nos distintos departamentos nos que foron elaborados, e que ditos decretos foron remitidos por vía telemática aos señores/as concelleiros/as.

O último decreto do que se da conta é o decreto 174/2020, do 27 de xaneiro

### B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

**Punto Segundo. Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión ordinaria do 26.12.2019 e actas das sesións extraordinarias e urxentes do 27.12.2019 e do 28.12.2019).**

A acta da sesión ordinaria do 26.12.2019 é aprobada por maioría absoluta dos membros da Corporación Municipal ca abstención, por non ter estado naquela sesión, de Francisco Javier Olmo Olmo, e o voto a favor dos restantes concelleiros/as.

A acta da sesión extraordinaria e urxente do 27.12.2019 é aprobada por maioría absoluta dos membros presentes da Corporación Municipal ca abstención, por non ter estado naquela sesión, dos/das 6 concelleiros/as do grupo municipal Popular, e o voto

a favor dos restantes concelleiros/as.

A acta da sesión extraordinaria e urxente do 28.12.2019 é aprobada por maioría absoluta dos membros presentes da Corporación Municipal ca abstención, por non ter estado naquela sesión, dos/das 6 concelleiros/as do grupo municipal Popular e da concelleira do grupo municipal do BNG, Natividad de Jesús González Rodríguez, e o voto a favor dos restantes concelleiros/as.

**Punto Terceiro. Aprobación do gasto plurianual para financiar a achega municipal ao proxecto de “renovación de alumado público exterior no rural de Ames“ financiado nun 80% polo programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, no marco da convocatoria que regula a concesión directa de axudas as entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono ( Real decreto 617/2017 modificado polo Real decreto 1516/2018).**

**Expediente: 2020/X999/000022**

Figura no expediente informe de Intervención, do teor literal seguinte e que serve de motivación o acordo:

**INFORME DE INTERVENCIÓN**

**Número:** 10/2020.

**Asunto:** APROBACIÓN DO GASTO PLURIANUAL PARA FINANCIAR A ACHEGA MUNICIPAL AO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DE ALUMADO PÚBLICO EXTERIOR NO RURAL DE AMES “ FINANCIADO NUN 80% POLO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMENTO SOSTIBLE 2014-2020, NO MARCO DA CONVOCATORIA QUE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE AXUDAS AS ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO ( Real Decreto 617/2017 modificado polo Real Decreto 1516/2018)

**Expediente:** 2020/X999/000022

Con data de 20 de xaneiro de 2020 remítese a esta intervención memoria da concelleira de facenda na que se solicita informe desta Intervención en relación á autorización de gasto plurianual e de conformidade co artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, emito o seguinte, INFORME

PRIMEIRO. O expediente que se propón para a súa aprobación versa sobre a autorización dun gasto, a distribuír en varias anualidades, por un importe total de 1.176.231,15 euros cuxo obxecto é o proxecto de Mellora da eficiencia enerxética no alumado no rural do concello de Ames.

SEGUNDO. O gasto que se autoriza mediante este expediente e a súa distribución en anualidades quedaría determinado da forma seguinte:

	2020	2021	2022	Total
<b>Total</b>	<b>174.078,83</b>	<b>1.038.108,33</b>	<b>258.101,78</b>	<b>1.470.288,94</b>
20% achega municipal	34.815,77	207.621,67	51.620,36	294.057,79
80% subvención IDAE fondos FEDER	139.263,07	830.486,66	206.481,42	1.176.231,15

Total	<b>1.470.288,94</b>
Achega municipal 20%	294.057,79
FEDER 80%	1.176.231,15

En consecuencia, o crédito orzamentario dispoñible, suficiente e adecuado para facer fronte ao gasto proposto debe quedar axustado e limitado a 1.470.288,94 euros( o compromiso refírese a achega municipal nestas tres anualidades que ascende a 294.057,79 euros que se corresponde co 20% do importe total da actuación xa que o 80% restante financíase coa subvención do IDAE), distribuído nas anualidades indicadas nos estados de gasto mencionados anteriormente, polo que para a anualidade do presente exercicio, o crédito dispoñible será de 176.434,67 euros( 35.286,93 achega municipal e 141.147,74 euros subvención IDAE), financiado a cargo da aplicación orzamentaria 165.62300.

	2020
<b>Total</b>	<b>174.078,83</b>
20% achega municipal	34.815,77
80% subvención IDAE fondos FEDER	139.263,07

TERCEIRO. De conformidade co establecido no artigo 86 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o gasto que se pretende realizar ten o carácter de plurianual, e debe cumprir as limitacións de anualidades e porcentaxes previstas nos artigos 81 e 82 do Real decreto 500/1990.

En consecuencia co carácter plurianual do investimento e os compromisos de gasto para exercicios futuros, implica que a Corporación deberá asumir o compromiso de incluír nos Orzamentos dos exercicios 2021-2022 os importes correspondentes a cada unha das anualidades previstas.

CUARTO. O artigo 174 do TRLRFL establece que "1. A autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

2. Poderán adquirirse compromisos por gastos que haxan de estenderse a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen, sempre que a súa execución inicie no propio exercicio e que, ademais, atópense nalgún dos casos seguintes:

**a) Inversións e transferencias de capital.**

b) Os demais contratos e os de subministración, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento de equipos non habituais das entidades locais, sometidos ás normas do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

c) Arrendamentos de bens inmóveis.

d) Cargas financeiras das débedas da entidade local e dos seus organismos autónomos.

e) Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos polas corporacións locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.

3. O número de exercicios a que poden aplicarse os gastos referidos nos parágrafos a), b) e e) do apartado anterior non será superior a catro. Así mesmo, nos casos incluídos nos parágrafos a) e e), o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito correspondente do ano en que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70 por cento ; no segundo exercicio, o 60 por cento, e no terceiro e cuarto, o 50 por cento.

4. Con independencia do establecido nos apartados anteriores, para os programas e proxectos de investimento que taxativamente especifíquense nas bases de execución do orzamento, poderán adquirirse compromisos de gastos que haxan de estenderse a exercicios futuros até o importe que para cada unha das anualidades determinese.

A estes efectos, cando nos créditos orzamentarios atópense incluídos proxectos das características sinaladas anteriormente, as porcentaxes aos que se refire o apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre os devanditos créditos unha vez deducida a anualidade correspondente aos devanditos proxectos.

5. En casos excepcionais o Pleno da corporación poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes a que se refire o apartado 3 deste artigo.

6. Os compromisos a que se refire o apartado 2 deste artigo deberán ser obxecto de adecuada e independente contabilización".

Neste caso trátase de un proxecto concreto, que supera os límites en canto as porcentaxes previstas no artigo 174 do TRLRFL ( a anualidade 2021 é superior ao 70% con respecto a anualidade 2020) . Ditas porcentaxes poderían elevarse previo acordo do Pleno da Corporación para expedientes excepcionais, o carácter excepcional consta na memoria da concelleira que da inicio a este expediente.

QUINTO. A autorización deste gasto plurianual correspóndelle ao Pleno por maioría simple de conformidade co disposto no artigo 88 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

En conclusión ao exposto, e considerando que o expediente cumpre co establecido coa normativa vixente, informo favorablemente a autorización de gasto plurianual, sendo o acordo a adoptar o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar un gasto plurianual, para os exercicios 2020-2022, por un importe total de **1.470.288,94** euros ( 294.057,79 euros correspondentes a achega municipal e 1.176.231,15 euros correspóndense coa subvención do IDAE), para o proxecto "Mellora da eficiencia enerxética no alumeado no rural do concello de Ames", de acordo co seguinte réxime financeiro periodificado:

	2020	2021	2022	Total
<b>Total</b>	<b>174.078,83</b>	<b>1.038.108,33</b>	<b>258.101,78</b>	<b>1.470.288,94</b>
20% achega municipal	34.815,77	207.621,67	51.620,36	294.057,79
80% subvención IDAE fondos FEDER	139.263,07	830.486,66	206.481,42	1.176.231,15

Total	<b>1.470.288,94</b>
Achega municipal 20%	294.057,79
FEDER 80%	1.176.231,15

(.....)

Logo de finalizar as intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Autorizar un gasto plurianual, para os exercicios 2020-2022, por un importe total de **1.470.288,94** euros ( 294.057,79 euros correspondentes a achega municipal e 1.176.231,15 euros correspóndense coa subvención do IDAE), para o proxecto “Mellora da eficiencia enerxética no alumeado no rural do concello de Ames”, de acordo co seguinte réxime financeiro periodificado:

	2020	2021	2022	Total
<b>Total</b>	<b>174.078,83</b>	<b>1.038.108,33</b>	<b>258.101,78</b>	<b>1.470.288,94</b>
20% achega municipal	34.815,77	207.621,67	51.620,36	294.057,79
80% subvención IDAE fondos FEDER	139.263,07	830.486,66	206.481,42	1.176.231,15

Total	<b>1.470.288,94</b>
Achega municipal 20%	294.057,79
FEDER 80%	1.176.231,15

SEGUNDO.- Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

### **Punto Cuarto. Adhesión do Concello de Ames, como socio titular, á -Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad.**

**Expediente: 2020/X999/000010**

Figura no expediente informe de Secretaría, que serve de motivación ao acordo, do teor literal seguinte:

**Asunto:** Adhesión do Concello de Ames, como socio titular, á -Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad.

**Expediente 2020/X999/000010**

#### **Antecedentes**

1. O concelleiro de Transición Ecolóxica do Concello de Ames propón á adhesión do Concello á Rede de Gobierno Locales + Biodiversidade, da FEMP, coa condición de socio titular. A súa proposta é informada favorablemente pola responsable a Aula da Natureza do Concello.

2. A Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad ten por obxecto a creación dun marco estable que impulse e promova, no conxunto dos Gobiernos Locais españois, a adopción de políticas, plans e programas en materia da conservación e o fomento da biodiversidade, a protección do medio hídrico, a restauración de espazos naturais degradados, a mellora da conectividade ecolóxica e a salvagarda dos ecosistemas.

3. A Rede foi constituída na Comisión Executiva da FEMP, na súa reunión celebrada o día 19.12. 2006.

#### **Fundamentos xurídicos.**

**Primeiro.** A creación da Red de Gobierno Locales+Biodiversidade por la Comisión Executiva da FEMP, o 19.12. 2006, ten o seu fundamento no previsto nos artigos 44 do Estatutos e no artigo 55 do Regulamento de réxime interior.

Artigo 44 dos Estatutos da FEMP

1.- Poderán crearse no seno da FEMP Comités, Redes, Secciones ou outros órganos de natureza análoga por acordo da Comisión Executiva. Estos Comités, Redes ou Secciones estarán formados por asociados que se agrupen en torno a un interese específico. Terán autonomía para organizarse internamente, sometendo as súas normas de funcionamento e os seus acordos a aprobación da Comisión Executiva da FEMP.

2.- Estos órganos que non terán personalidade xurídica propia, estarán formados polas Entidades Locais asociadas que se agrupen en torno a un interese específico. Terán autonomía para organizarse internamente, sometendo as súas normas de funcionamento e os seus acordos, incluídos os de composición dos seus órganos de goberno, á aprobación da Comisión Executiva da FEMP.

Artigo 55 do Regulamento de réxime interior

1.- De conformidade co disposto no artigo 44 dos Estatutos, poderán crearse no seno da FEMP Comités, Redes, Secciónes ou outros órganos de natureza análoga por acordo da Xunta de Goberno.

2.- Estos órganos carecerán de personalidade xurídica propia.

3.- Estarán formados por aquelas Entidades Locais asociadas á FEMP, que voluntariamente soliciten agruparse en torno a un interese específico, e manifesten, mediante o correspondente acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a súa vontade expresa de adherirse ao respectivo órgano e de cumprir os seus fins estatutarios.

**Segundo.** Tal e como se recollen nos estatutos da FEMP e no Regulamento de réxime interior, a adhesión require dos seguintes requisitos:

1º ser entidade asociada á FEMP ( o Concello de Ames é entidade asociada).

2º acordo plenario de adhesión.

3º designación dun representante político para á Asemblea da Red.

4º designación de un representante técnico para a asistencia a reunións e grupos de traballo da Red.

5º pago dunha cota anual mediante transferencia bancaria, que se ingresará na cuneta que establece a FEMP, cuxo concepto será "Cuota Red +Biodiversidad".

A contía da cota se establece en función do número de habitantes da Entidade Local:

Máis de 50.000 habitantes: 300 Euros.

Entre 50.000 e 5.000 habitantes: 150 Euros.

Menos de 5.000 habitantes: 50 Euros.

Ó Concello de Ames lle corresponde unha cota anual de 150 euros.

**Terceiro.** Os compromisos municipais son os seguintes ( tal e como resulta do artigo 8 do estatutos da Red de Gobiernos Locales+ Biodiversidade):

1 realizar unha declaración institucional dirixida á toda á cidadanía onde se plasme o compromiso de adhesión á Red e a intención de acadar os obxectivos desta. A aprobación desta declaración corresponde ó Pleno do Concello.

2 organizar un foro cidadán para informar á poboación das medidas que o concello vai adoptar para acadar os obxectivos da rede, promovido a participación cidadá na aplicación de ditas medidas.

3 desenvolvemento dunha estratexia local de biodiversidade ou compromiso da súa elaboración que inclúa un inventario sobre a situación da biodiversidade no Concello, un sistema de indicadores para o seu seguimento e un plan de actuación para o seu incremento.

**Cuarto.** Figura informe favorable á adhesión da responsable da Aula da Natureza e non se observa contradición coa normativa aplicable.

Por todo o exposto se informa favorablemente que o Pleno do Concello de Ames, sen quórum especial, adopte os seguintes acordos:

**Primeiro.** Adherirse á Red de Gobiernos Locales + Biodiversidade, da FEMP, como socio titular, asumindo os compromisos que figuran nos estatutos da Red.

**Segundo.** Designar como representante político e como representante técnico ás persoas que propoña a Alcaldía.

**Terceiro.** Aboar a cota anual de 150 euros.

**Cuarto.** Facultar o alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

(.....)

Logo de finalizar as intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.** Adherirse á Red de Gobiernos Locales + Biodiversidade, da FEMP, como socio titular, asumindo os compromisos que figuran nos estatutos da Red.

**Segundo.** Designar como representante político o alcalde, José M. Miñones Conde, e como representante técnico á responsable municipal da aula da natureza, Patricia Reboreda Cigarrán.

**Terceiro.** Aboar a cota anual de 150 euros.

**Cuarto.** Facultar o alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**Punto Quinto.** Aprobación inicial da primeira modificación do Regulamento de Participación Cidadá.

**Expediente: 2019/X999/000087**

Figura no expediente informe de Secretaría, que serve de motivación ó acordo, do teor literal seguinte :

**ASUNTO: Primeira modificación do Regulamento de Participación Cidadá.**

**Expediente 2019/X999/00087**

**Antecedentes.**

1. O Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Ames foi aprobado en sesión plenaria do 29.02.2019.

Tras a tramitación administrativa correspondente o seu texto integro foi publicado no BOP número 86, do 08.05.2019.

2. No momento actual, o concelleiro de Administración Xeral formula proposta de modificación do Regulamento cos seguintes obxectivos:

1º) Dado que o Pleno do Concello acordou en sesión do 30.07.2019 que as asistencias ás sesións da Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións perciban asistencias, resulta precisa unha regulación pormenorizada deste órgano que permita acreditar a asistencia e o dereito a percibir indemnización.

2º) Que se recolla a posibilidade de presenza de concelleiros/as que non ostenten a representación de grupo nos órganos previstos no Regulamento (Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións; Asemblea de Participación Cidadá ou da Veciñanza e consellos sectoriais. A presenza será obxecto de invitación pola presidencia e, no caso dos concelleiros/as do Grupo Mixto que non sexan representantes do grupo, a invitación terá lugar en todo caso.

Estas asistencias serán en calidade de observadores con voz pero sen voto e sen dereito a retribución. Nesta mesma liña foi recentemente modificado o Regulamento Orgánico Municipal ( pleno do 26.12.2019) recollendo a mesma previsión para as comisións informativas e Xunta de Voceiros.

c) Modificar a composición dos consellos sectoriais de forma que a mesma estea adaptada ás peculiaridades de cada consello, establecendo unha composición mínima e unha adicional, que será establecida no regulamento específico de cada consello.

**Normativa aplicable**

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

**Fundamentos xurídicos**

**Primeiro.**- O dereito a percibir indemnizacións por asistencias (dietas) ás sesións dos órganos colexiados ten o seu fundamento no artigo 75.3 LRBRL no que se establece que soamente os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

Artigo 75.3 Lei reguladora das bases do réxime local

So os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

Soamente os concelleiros e concelleiras que non perciban dedicación exclusiva ou parcial poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación.

**Segundo.** O réxime de asistencias será determinado polo Pleno do concello tal e como recolle o artigo 75.3 Lei reguladora das bases do réxime local.

Artigo 75.3 Lei reguladora das bases do réxime local

So os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

O Pleno do Concello de Ames en sesión do 30.07.2019 aprobou as indemnizacións por asistencias á Xunta de Voceiros e Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións (BOP núm. 149, do 08.08.2019).

**Terceiro.** Se ben a Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións foi creada polo Regulamento Orgánico de Participación Cidadá (BOP 86 de 8 de maio de 2019), e o dereito a percibir indemnizacións por asistencias foi aprobado polo pleno do Concello o 30.07.2019, a efectos de poder percibir estas indemnizacións por asistencias, precísase unha regulación mais pormenorizada do seu funcionamento.

Particularmente, faise preciso acreditar a asistencia de cada concelleiro/a para percibir a indemnización. A acreditación da asistencia terá lugar coa regulación da función de Secretaría quen elaborará as actas que acrediten a asistencia efectiva e, polo tanto, o dereito a percibir indemnizacións por asistencia.

A modificación proposta polo concelleiro de Administración Xeral, do artigo 12 do Regulamento de Participación Cidadá permite que quede acreditado o dereito a percibir indemnizacións por asistencias ás sesións da Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións, xa que será elaborada acta pola Secretaría Municipal.

**Cuarto.** O concelleiro de Administración Xeral aproveitando a necesidade de modificar o regulamento no referente á acreditación das asistencias ás sesións da Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións, propón que se realice outra modificación consistente en recoller a posibilidade da asistencias de concelleiros/as que non ostenten representación de grupo pero cuxa presenza se considere conveniente. E, concretamente, os concelleiros/as do Grupo Mixto, que non ostenten representación do grupo serán invitados, en todo caso, a asistir. Nestes supostos a asistencia será en calidade de observador con voto pero sen voto e sen dereito a indemnización.

Esta previsión da Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións se estende tamén á Asemblea de Participación Cidadá ou da Veciñanza e consellos sectoriais.

**Quinto.** No referente aos consellos sectoriais a modificación proposta consiste en establecer unha composición mínima común a tódos os consellos e, unha composición adicional para cada consello, que será determinada no acordo de creación.

O contido destas modificacións se enmarca no concepto de potestade de auto organización prevista no artigo 4 da Lei reguladora das bases do réxime local e non se observa contradición coa normativa aplicable.

**Sexto.** O procedemento de modificación do Regulamento de Participación Cidadá ven establecido no artigo 49 da Lei reguladora das bases do réxime local ó que se remite o artigo 56 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. O quórum é o de maioría absoluta do número legal de membros, tal e como resulta do artigo 47 da Lei reguladora das bases do réxime local.

*Artigo 49 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*A aprobación das Ordenanzas locais se axustará ao seguinte procedemento:*

*a) Aprobación inicial polo Pleno.*

*b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.*

*c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.*

*No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación ou suxestión, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.*

*Artigo 56 Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

*A aprobación das Ordenanzas locais se axustará ao procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.*

*Para a modificación das Ordenanzas e Regulamentos deberán observarse os mesmos trámites que para a súa aprobación.*

*Artigo 47 Lei reguladora das bases do réxime local.*

1. Os acordos das corporacións locais se adoptan, como regra xeneral, por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos son máis que os negativos.

2. Se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción de acordos nas seguintes materias: f) Aprobación e modificación do regulamento orgánico propio da Corporación

Por todo o exposto, informase favorablemente que o pleno do Concello con quórum de maioría absoluta do número legal de membros, adopte os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Modificar os artigos **12, 20 e 26** do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá cuxa nova redacción figura como anexo I.

**Segundo.-** Someter esta modificación a exposición pública por prazo de 30 días hábiles a efecto de exame e reclamacións; para o suposto de non presentarse alegacións a aprobación inicial quedaría elevada a definitiva de forma automática. A aprobación definitiva será publicada no BOP e Portal de Transparencia.

**Terceiro.-** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## **Anexo**

### **Artigo 12. Comisión especial de queixas, suxestións e reclamacións.**

Para a defensa dos dereitos da cidadanía o Pleno do Concello creará a Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións integrada por representantes de todos os grupos municipais e concelleiros/as non adscritos/as, de forma proporcional á súa presenza no pleno, co mesmo criterio de composición que as comisións informativas permanentes.

A iniciativa da Presidencia poderase invitar a asistir as sesións da Comisión a aquel ou aqueles concelleiros que non formen parte da mesma e cuxa presenza se considere oportuna, os cales poderán acudir en calidade de observadores con voz pero sen voto e retribución.

En todo caso, serán obxecto desta invitación os membros do Grupo Mixto, de existir, que non ostenten a representación do grupo.

Excepcionalmente, asistirá o persoal do concello que a Presidencia da Comisión considere conveniente.

A función de Secretaría corresponde á secretaria/o municipal quen levantará acta sucinta dos acordos adoptados.

Para a válida constitución da Comisión será necesaria a asistencia do alcalde/esa ou concelleiro/a no que delegue e o secretario/a. O quórum mínimo de asistencia será de tres membros excluído o secretario/a. As súas reunións terán carácter deliberativo e os acordos serán adoptados por maioría simple.

Corresponde a esta comisión especial defender os dereitos da cidadanía nas súas relacións coa Administración municipal, supervisar a actuación da Administración municipal con proposta de accións de mellora e informar das queixas, reclamacións e suxestións que a veciñanza dirixa ao Concello.

Todos os órganos de goberno e da Administración municipal están obrigados a colaborar coa Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións.

A comisión deberá dar conta no Pleno ordinario do mes de febreiro dun informe anual coa relación das queixas, suxestións ou reclamacións do exercicio anterior, así como das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais, con especificación das queixas, suxestións ou recomendacións non admitidas pola Administración municipal e indicando a causa da inadmisión.

### **Artigo 20. Composición e funcionamento da Asemblea de Participación Cidadá ou da Veciñanza.**

*A Asemblea de Participación Cidadá ou da Veciñanza terá a seguinte composición:*

*- O/a presidente/a será o/a alcalde/alcaldesa ou concelleiro/a no que delegue.*

*- Un/unha concelleiro/a en representación de cada grupo municipal ou concelleiro/a non adscrito/a designado/a por eles. O Pleno do concello elixirá un destes concelleiros ou concelleiras para ocupar a vicepresidencia.*

*A iniciativa da Presidencia poderase invitar a asistir as sesións da Comisión a aquel ou aqueles concelleiros que non formen parte da mesma e cuxa presenza se considere oportuna, os cales poderán acudir en calidade de observadores con voz pero sen voto.*

*En todo caso, serán obxecto desta invitación os membros do Grupo Mixto, de existir, que non ostenten a representación do grupo.*

*- Unha persoa representante de cada asemblea territorial.*

*- Unha persoa representante de cada consello sectorial.*

*Un dos seus membros actuará como secretario/a.*

*Os acordos adoptaranse por maioría absoluta.*

*De cada reunión levantarase e publicarase unha acta sucinta cos acordos adoptados.*

*Para a válida constitución requírese a presenza da maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria e dun terzo en segunda convocatoria.*

*Reuniranse con carácter ordinario unha vez ao ano. Con carácter extraordinario cantas veces sexa preciso, a xuízo da presidencia ou da terceira parte dos seus membros.*

*A petición da presidencia, poderase solicitar a presenza de persoal técnico do concello con voz e sen voto para efectos de asesoramento.*

*A asemblea, unha vez constituída, elaborará e aprobará un regulamento interno de funcionamento que deberá ser aprobado polo Pleno do Concello.*



*A asemblea será renovada cada catro anos coincidindo co cambio na Corporación.*

*Anualmente aprobarase unha memoria de actividades realizadas durante o período. Esta memoria remitirase ao Concello e a todos os grupos municipais, e tamén se dará a coñecer a través dos medios de comunicación municipais e da web.*

**Artigo 26. Composición e funcionamento.**

*A composición de cada Consello Sectorial determinarase polo seu propio regulamento de funcionamento, non obstante, respetaránse as seguintes normas:*

*1ª O/a presidente/a será o/a alcalde/alcaldesa ou concelleiro/a non delegado.*

*2ª Terá un/unha representante por cada unha das entidades inscritas no rexistro municipal de asociacións veciñais relacionadas co sector, materia ou interese sectorial de que se trate.*

*3ª Unha persoa representante por cada grupo municipal ou concelleiro non adscrito.*

*4ª Un /unha técnico/a da área que actuará como secretario/a.*

*A iniciativa da Presidencia do poderase invitar a asistir as sesións do Consello a aquel ou aqueles concelleiros que non formen parte do mesmo e cuxa presenza se considere oportuna, os cales poderán acudir en calidade de observadores con voz pero sen voto.*

*En todo caso, serán obxecto desta invitación os membros do Grupo Mixto, de existir, que non ostenten a representación do grupo.*

*Así mesmo, a Presidencia do Consello, por iniciativa propia ou a petición dalgunha das entidades integrantes do mesmo, poderá convidar a participar da sesión correspondente con voz pero sen voto, a calquera persoa que se considere adecuada coa finalidade de achegar e enriquecer o debate.*

*Os consellos sectoriais reuniranse cando menos semestralmente con carácter ordinario e, con carácter extraordinario, tantas veces como sexan convocados pola presidencia ou por un terzo dos seus membros. Promoverase a paridade e igualdade na súa composición.*

*De todas as reunións levantarase acta sucinta cos acordos acadados.*

*Anualmente o consello aprobará un informe de actuacións realizadas durante o período e remitíralo á Asemblea de Participación Cidadá para o seu coñecemento.*

*Unha vez constituído, cada consello sectorial elaborará un regulamento interno de funcionamento. Este regulamento deberá ser aprobado polo Pleno do Concello.*

(.....)

Logo de finalizar as intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Modificar os artigos **12, 20 e 26** do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá cuxa nova redacción figura como anexo.

**Segundo.** Someter esta modificación a exposición pública por prazo de 30 días hábiles a efecto de exame e reclamacións; para o suposto de non presentarse alegacións a aprobación inicial quedaría elevada a definitiva de forma automática. A aprobación definitiva será publicada no BOP e Portal de Transparencia.

**Terceiro.** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**Anexo**

**Artigo 12. Comisión especial de queixas, suxestións e reclamacións.**

Para a defensa dos dereitos da cidadanía o Pleno do Concello creará a Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións integrada por representantes de todos os grupos municipais e concelleiros/as non adscritos/as, de forma proporcional á súa presenza no pleno, co mesmo criterio de composición que as comisións informativas permanentes.

A iniciativa da Presidencia do poderase invitar a asistir as sesións da Comisión a aquel ou aqueles concelleiros que non formen parte da mesma e cuxa presenza se considere oportuna, os cales poderán acudir en calidade de observadores con voz pero sen voto e retribución.

En todo caso, serán obxecto desta invitación os membros do Grupo Mixto, de existir, que non ostenten a representación do grupo.

Excepcionalmente, asistirá o persoal do concello que a Presidencia da Comisión considere conveniente.

A función de Secretaría corresponde á secretaria/o municipal quen levantará acta sucinta dos acordos adoptados.

Para a válida constitución da Comisión será necesaria a asistencia do alcalde/esa ou concelleiro/a non delegado e o secretario/a. O quórum mínimo de asistencia será de tres membros excluído o secretario/a. As súas reunións terán carácter deliberativo e os acordos serán adoptados por maioría simple.

Corresponde a esta comisión especial defender os dereitos da cidadanía nas súas relacións coa Administración municipal, supervisar a actuación da Administración municipal con proposta de accións de mellora e informar das queixas, reclamacións e suxestións que a veciñanza dirixa ao Concello.

Todos os órganos de goberno e da Administración municipal están obrigados a colaborar coa Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións.

A comisión deberá dar conta no Pleno ordinario do mes de febreiro dun informe anual coa relación das queixas, suxestións ou reclamacións do exercicio anterior, así como das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais, con especificación das queixas, suxestións ou recomendacións non admitidas pola Administración municipal e indicando a causa da inadmisión.

#### **Artigo 20. Composición e funcionamento da Asemblea de Participación Cidadá ou da Veciñanza.**

A Asemblea de Participación Cidadá ou da Veciñanza terá a seguinte composición:

- O/a presidente/a será o/a alcalde/alcaldesa ou concelleiro/a no que delegue.

- Un/unha concelleiro/a en representación de cada grupo municipal ou concelleiro/a non adscrito/a designado/a por eles. O Pleno do concello elixirá un destes concelleiros ou concelleiras para ocupar a vicepresidencia.

A iniciativa da Presidencia do poderase invitar a asistir as sesións da Comisión a aquel ou aqueles concelleiros que non formen parte da mesma e cuxa presenza se considere oportuna, os cales poderán acudir en calidade de observadores con voz pero sen voto.

En todo caso, serán obxecto desta invitación os membros do Grupo Mixto, de existir, que non ostenten a representación do grupo.

- Unha persoa representante de cada asemblea territorial.

- Unha persoa representante de cada consello sectorial.

Un dos seus membros actuará como secretario/a.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta.

De cada reunión levantarase e publicaranse unha acta sucinta cos acordos adoptados.

Para a válida constitución requírese a presenza da maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria e dun terzo en segunda convocatoria.

Reuniranse con carácter ordinario unha vez ao ano. Con carácter extraordinario cantas veces sexa preciso, a xuízo da presidencia ou da terceira parte dos seus membros.

A petición da presidencia, poderase solicitar a presenza de persoal técnico do concello con voz e sen voto para efectos de asesoramento.

A asemblea, unha vez constituída, elaborará e aprobará un regulamento interno de funcionamento que deberá ser aprobado polo Pleno do Concello.

A asemblea será renovada cada catro anos coincidindo co cambio na Corporación.

Anualmente aprobarase unha memoria de actividades realizadas durante o período. Esta memoria remitirase ao Concello e a todos os grupos municipais, e tamén se dará a coñecer a través dos medios de comunicación municipais e da web.

#### **Artigo 26. Composición e funcionamento.**

A composición de cada Consello Sectorial determinarase polo seu propio regulamento de funcionamento, non obstante, respetaránse as seguintes normas:

1ª O/a presidente/a será o/a alcalde/alcaldesa ou concelleiro/a no que delegue.

2ª Terá un/unha representante por cada unha das entidades inscritas no rexistro municipal de asociacións veciñais relacionadas co sector, materia ou interese sectorial de que se trate.

3ª Unha persoa representante por cada grupo municipal ou concelleiro non adscrito.

4ª Un /unha técnico/a da área que actuará como secretario/a.

A iniciativa da Presidencia do poderase invitar a asistir as sesións do Consello a aquel ou aqueles concelleiros que non formen parte do mesmo e cuxa presenza se considere oportuna, os cales poderán acudir en calidade de observadores con voz pero sen voto.

En todo caso, serán obxecto desta invitación os membros do Grupo Mixto, de existir, que non ostenten a representación do grupo.

Así mesmo, a Presidencia do Consello, por iniciativa propia ou a petición dalgunha das entidades integrantes do mesmo, poderá convidar a participar da sesión correspondente con voz pero sen voto, a calquera persoa que se considere adecuada coa finalidade de chegar e enriquecer o debate.

Os consellos sectoriais reuniranse cando menos semestralmente con carácter ordinario e, con carácter extraordinario, tantas veces como sexan convocados pola presidencia ou por un terzo dos seus membros. Promoverase a paridade e igualdade na súa composición.

De todas as reunións levantarase acta sucinta cos acordos acadados.

Anualmente o consello aprobará un informe de actuacións realizadas durante o período e remitíralo á Asemblea de Participación Cidadá para o seu coñecemento.

Unha vez constituído, cada consello sectorial elaborará un regulamento interno de funcionamento. Este regulamento deberá ser aprobado polo Pleno do Concello.

### **Punto Sexto. Aprobación inicial da segunda modificación do regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal de frecuencia modulada Ames Radio do Concello de Ames.**

#### **Expediente 2020/X999/000014**

Figura no expediente informe de Secretaría, que serve de motivación acordo, do teor literal

seguinte:

#### **Antecedentes**

1. O Pleno do Concello de Ames en sesión do 28.07.2016 aprobou inicialmente o Regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal de frecuencia modulada Ames Radio do Concello de Ames. O non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, a aprobación inicial quedou elevada a definitiva de forma automática, sendo publicado o texto íntegro no BOP número 183, do 26.09.2016.

2. O Pleno do Concello de Ames en sesión do 30.03.2017 aprobou inicialmente a primeira modificación do Regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal de frecuencia modulada Ames Radio do Concello de Ames. O non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, a aprobación inicial quedou elevada a definitiva de forma automática, sendo publicado o texto íntegro no BOP número 105, do 06.06.2017.

3. No momento actual, a concelleira de comunicación considera oportuna unha segunda modificación do regulamento, que afecta unicamente o artigo 6, que regula a composición do Consello Asesor de Comunicación.

A modificación comprende dous obxectivos:

1º facilitar a presenza dos concelleiros/as do grupo mixto no Consello Asesor de Comunicación.

2º modificar a representación das asociacións no Consello Asesor de Comunicación que non terá carácter obrigatorio e constará dun único representante (titular e suplente).

#### **Lexislación aplicable**

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

#### **Fundamentos Xurídicos**

1. **Tramitación.** Conforme ao artigo 56 TRRL para a modificación das ordenanzas e regulamentos deberase observar os mesmos tramites que para a súa aprobación, sendo eses trámites os recollidos no artigo 49 LRBRL.

A tramitación comprenderá:

a) Aprobación inicial polo Pleno.

b) Información pública e audiencia aos interesados, polo prazo mínimo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxestións.

c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo, e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Artigo 56 TRRL:

A aprobación das Ordenanzas locais se axustará o procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Para a modificación das Ordenanzas e Regulamentos deberán observarse os mesmos trámites que para a súa aprobación.

Artigo 49 LRBRL:

A aprobación das Ordenanzas locais se axustará o seguinte procedemento:

a) Aprobación inicial polo Pleno.

b) Información pública e audiencia os interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación ou suxestión, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

#### **2. Órgano competente.**

A competencia para a modificación, tanto inicial como definitiva, e para a resolución das alegacións que se teñan presentado durante o trámite de información pública, corresponde ao Pleno da Corporación (artigo 22.2.d LRBRL), sen quórum especial, por non atoparse en ningún dos supostos do artigo 47 LRBRL.

Artigo 22.2.d LRBRL

2. Corresponden, en todo caso, o Pleno municipal nos concellos, as seguintes atribucións:

d) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas

#### **3. Entrada en vigor.**

En relación coa entrada en vigor, o artigo 70.2 LRBRL dispón que os acordos que adopten as Corporacións Locais publíquense ou notifíquense na forma prevista pola lei.

As Ordenanzas e Regulamentos publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e non entraran en vigor ata que se publique integramente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

Artigo 70.2.LRBRL

2. Os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos planes urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva sexa competencia dos entes locais, se publicarán no "Boletín Oficial" da Provincia e non entrarán en vigor hasta que se houbera publicado completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 salvo os orzamentos e as ordenanzas fiscais que se publican e entran en vigor nos términos establecidos na Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais. As Administracións públicas con competencias urbanísticas deberán ter, a disposición dos cidadáns que o soliciten, copias completas do planeamento vixente no seu ámbito territorial.

#### **4. Contido da modificación.**

O contido da modificación consiste en modificar a composición do Consello Asesor de Comunicación co obxectivo de facilitar a presenza dos concelleiros/as do grupo mixto e que a presenza das asociacións non teña carácter obrigatorio.

En canto á modificación que tende a facilitar a presenza dos concelleiros/as do grupo mixto que non ostenten representación de grupo, e que serán obxecto de invitación por parte da presidencia, está na mesma liña ca modificación recente do Regulamento Orgánico Municipal, aprobada en sesión do 26.12.2019, referente ás comisións informativas e xunta de voceiros.

En canto á representación das asociacións no Consello Asesor, a súa presenza pasa de obrigatoria á potestativa e contará con un único representante ( que será convocado cando a presidencia o considere conveniente ou cando o/a representante o solicite); esta modifica pretende facilitar o funcionamento do Consello Asesor de Comunicación.

A proposta de modificación está informada favorablemente polo técnico do servizo de comunicación e non se observa ningunha contradición coa normativa sectorial aplicable.

#### **5. Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos.**

O artigo 133 da LPAC regula a participación cidadán no procedemento de elaboración de ordenanzas e regulamentos.

Artigo 133. Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos.

1. Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

(.....)

4. Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos neste artigo no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen.

Cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais de unha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro. Se a normativa reguladora do exercicio da iniciativa lexislativa ou da potestade regulamentaria por unha Administración prevé a tramitación urxente de estos procedementos, a eventual excepción del trámite por esta circunstancia se axustará o previsto en aquela.

No presente expediente estase a modificar un Regulamento xa vixente e o contido da modificación non ten un impacto significativo sobre a actividade económica nin do concello nin dos propios destinatarios, polo que non é necesario o trámite do artigo 133.1 da LPAC.

De conformidade cos antecedentes expostos e de acordo coa lexislación aplicable, en cumprimento do previsto no artigo 172 ROF, formulase a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a segunda modificación do Regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal de frecuencia modulada Ames – Radio do Concello de Ames sendo o seu texto integro modificado o que figura como anexo I.

**Segundo.-** Publicar o dito acordo de aprobación inicial da modificación, por prazo de 30 días hábiles a efectos de exame e reclamacións.

Para o suposto de non presentarse reclamacións a aprobación inicial da modificación quedará elevada a definitiva de xeito automático. O acordo de aprobación inicial será publicado no BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

**Terceiro.-** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**Anexo I**

**REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA EMISORA MUNICIPAL DE FRECUENCIA MODULADA AMES RADIO DO CONCELLO DE AMES**  
**PRINCIPIOS XERAIS**

#### **Artigo 1. Obxecto do Regulamento**

1. Este Regulamento, de acordo coa Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, ten por obxecto regular a organización e funcionamento da emisora de radio municipal Ames Radio e os servizos electrónicos asociados que dela poidan derivar, así como a definición das súas misións de servizo público.
2. O Concello de Ames prestará este servizo público mediante xestión directa e rexerá polo disposto na lexislación aplicable e no presente Regulamento.
3. O límite territorial de difusión de Ames Radio é o propio término municipal.

#### **Artigo 2. Misión e funcións de Ames Radio**

1. A misión de Ames Radio é fornecer un servizo público de radiodifusión que fomente a información, o lecer, a formación e a participación dos veciños/as do Concello de Ames en todas as cuestións que afecten ao municipio, contribuíndo á creación dun espazo de comunicación local.
2. Para o cumprimento da dita misión, Ames Radio realizará as seguintes funcións:
  - a) Ofrecer un conxunto de espazos radiofónicos orientados a satisfacer as necesidades democráticas, sociais, educativas e culturais da veciñanza.
  - b) Prestar especial atención á comunidade local, tanto no referente ao seu ámbito de emisión como aos contidos da súa programación como aos participantes.
  - c) Garantir o acceso a unha información veraz, obxectiva e equilibrada sobre o que acontece no concello ou aquilo que afecte á súa veciñanza, así como ás súas diversas expresións sociais e culturais.
  - d) Informar de modo obxectivo das actividades e propostas da Corporación Municipal, facilitando a participación de todos os grupos políticos e concelleiros/as.
  - e) Fornecer unha oferta de lecer de calidade.
  - f) Difundir e fomentar a lingua e a cultura galega, con respecto á riqueza inmaterial de todas as culturas que conforman a comunidade de Ames.
  - g) Promover o desenvolvemento da economía, a cultura -en particular, a música-, o medio e o deporte locais en todas as súas facetas, facilitando a participación das diferentes asociacións e grupos do municipio de Ames.
  - h) Promover a igualdade entre as persoas, difundindo actuacións de sensibilización e boas prácticas.
  - i) Facilitar o acceso á emisora das persoas, asociacións e grupos que o soliciten, sen prexuízo de salvagardar a planificación e ordenación das emisións e programas previstos desde a organización interna da emisora.
  - j) Favorecer a participación dos nenos e nenas e da mocidade en idade escolar do municipio e enriquecer a súa formación sobre os medios de comunicación mediante a organización de visitas, cursos e programas de carácter formativo.
  - k) Calquera outra non prevista neste regulamento e que resulte axeitada para o cumprimento da misión da radio.

#### **Artigo 3. Principios e criterios**

1. A actividade de Ames Radio inspirarase nos seguintes principios:
  - a) A obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións
  - b) A separación entre informacións e opinións, identificando a quen sustenta estas últimas e a súa libre expresión cos límites do artigo 20 da Constitución.
  - c) O respecto ao pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico.
  - d) O respecto á honra, á fama, á vida privada das persoas e cantos dereitos e liberdades recoñece a Constitución e as leis.
  - e) A protección da xuventude e a infancia, excluindo a exaltación da violencia e a apoloxía dos feitos e condutas atentatorias contra a vida, a liberdade e a igualdade entre homes e mulleres.
  - f) O respecto dos valores recollidos no art. 14 da Constitución en relación á igualdade, sen discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
  - g) O fomento da lingua e da cultura galegas, en cumprimento do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Lei de Normalización Lingüística.
2. Ames Radio funciona con suxeición aos criterios de independencia e profesionalidade.

#### **Artigo 4. Lingua**

A lingua propia da emisora municipal Ames Radio é o galego, idioma propio de Galicia e do Concello de Ames. Esta será a lingua empregada normalmente por Ames Radio e, xa que logo, a programación será en idioma galego na súa totalidade, sen prexuízo dos dereitos lingüísticos da persoas ou entidades que participen ocasionalmente nela.

### **ÓRGANOS DE GOBERNO**

#### **Artigo 5. Pleno do Concello de Ames**

Serán competencia do Pleno do Concello de Ames as seguintes cuestións en relación con Ames Radio:

- a) Velar polo respecto dos principios e criterios de actuación anteditos no artigo 3.
- b) Aprobar os plans de actuacións.
- c) Aprobar o cadro de persoal de Ames Radio dentro da Relación de Postos de Traballo do Concello.
- d) Aprobar as consignacións anuais aplicables ao servizo dentro do orzamento municipal.
- e) Aprobar os prezos e tarifas que se establezan por publicidade.

#### **Artigo 6. Consello Asesor de Comunicación**

1. Crearase o Consello Asesor de Comunicación como órgano asesor do Pleno do Concello en materia de comunicación, incluíndo a radio municipal. A súa constitución formal terá lugar por resolución da Alcaldía.

2. O Consello Asesor de Comunicación estará formada polos seguintes membros:

- Presidente/a: o/a responsable político a que se refire o artigo 7.
- Un/unha representante de cada grupo municipal, respectando os dereitos dos concelleiros/as non adscritos/as, de ser o caso.
- A iniciativa da presidencia poderase invitar a asistir as sesións do Consello a aquel ou aqueles concelleiros/as que non formen parte do mesmo e cuxa presenza se considere oportuna, os cales poderán acudir en calidade de observadores con voz pero sen voto e retribución. En todo caso serán obxecto desta invitación os membros do Grupo Mixto, de existir, que non ostenten a representación do grupo.
- Facultativamente queda aberta a participación do tecido asociativo do concello, entre as asociacións inscritas no Rexistro Municipal de asociacións do Concello de Ames, con nomeamento dun/ha representante titular e suplente que será convocado/a cando se estime conveniente ou a súa solicitude.
- Un/unha profesional do sector que designe o Colexio de Xornalistas de Galicia
- Un/unha técnico/a de Ames Radio
- Un/unha representante dos colaboradores/as de Ames Radio, de ser o caso
- Un funcionario ou funcionaria do Concello, que actuará como secretario/a.

O Consello Asesor de Comunicación renovarase con posterioridade ás eleccións municipais, no prazo máximo de tres meses desde a celebración destas.

3. O Consello Asesor reunirse, con carácter ordinario, como mínimo dúas veces ao ano, no primeiro e no segundo semestre, e con carácter extraordinario sempre que sexa necesario ou urxente, presidido polo responsable político. Será necesaria a asistencia de, polo menos, a terceira parte dos membros para a celebración da reunión. Os acordos serán tomados por consenso; de non acadalo, os asuntos serán sometidos a votación e adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, o voto do presidente/a do Consello Asesor será de calidade. Os acordos reflectiranse en actas.

4. Serán funcións do Consello Asesor de Comunicación, en relación coa radio:

- a) Intervir na elaboración dos plans de actuación da Radio, cos obxectivos que se perseguen para cada período, e propoñerlles ao Pleno.
- b) Propoñer ao Pleno do Concello o cadro de persoal, o plan económico anual (cos ingresos e gastos, que se deben incluír no orzamento xeral) e as melloras técnicas que sexan necesarias para cumprir os plans de actuación.
- c) Propoñerlle ao Pleno as tarifas ou prezos por emisión de publicidade.
- d) Aprobar as propostas de programación, así como de colaboradores e de novos espazos.
- e) Emitir informe sobre a asignación de espazos e tempos para o acceso e uso deste medio por parte dos concelleiros e grupos municipais, e velar polo seu cumprimento.
- f) Resolver os conflitos que se susciten en relación co exercicio do dereito de rectificación.
- g) Responder as queixas dos usuarios do servizo.
- h) Elaborar o informe previo da carta de servizos.
- i) En xeral, formular propostas para mellorar a calidade, a eficacia e a eficiencia do servizo.

#### **Artigo 7. Responsable político**

1. O responsable político da radio será o alcalde/alcaldesa ou o concelleiro/a en quen estean delegadas as competencias en comunicación.

2. Ao responsable político correspóndelle as seguintes funcións:

- a) Impulsar o servizo da radio, de acordo con este regulamento e cos plans de actuación.
- b) A dirección, administración e xestión económica e de persoal de máximo nivel da radio.
- c) Desempeñar a representación máis alta de Ames Radio.
- d) Executar e velar polo cumprimento dos acordos relativos a Ames Radio.
- e) Convocar e presidir as sesións do Consello Asesor de Comunicación.
- f) Cantas outras funcións lle sexan conferidas pola lexislación vixente.

#### **Artigo 8. Responsable técnico/a**

1. Un dos postos do persoal adscritos a Ames Radio terá ademais a máxima responsabilidade técnica de xestión do servizo. As características deste posto (forma de provisión, retribucións, incompatibilidades, etc) reflectiranse na relación de postos de traballo (RPT) do Concello.

2. Ao/á responsable técnico correspóndenlle as seguintes funcións:

- Coordinar o servizo de acordo con este regulamento e cos plans de actuacións aprobados.
- Elaborar a proposta de programación radiofónica de cada tempada de acordo cos plans e coas propostas de colaboración aprobadas polo Consello Asesor.
- Elaborar o informe de ingresos e gastos, para presentarllo ao Consello Asesor.
- Ditar instrucións relativas ao funcionamento técnico e á organización interna.
- Actualizar inventario.
- Custodiar as dependencias, equipamentos e bens da radio, de propiedade municipal.
- Propoñerlle ao Consello Asesor as medidas de mellora.
- Desempeñar a representación ordinaria de Ames Radio.

## PERSOAL E COLABORACIÓNS

### Artigo 9. Persoal da emisora

A emisora Ames Radio disporá do persoal necesario, funcionario ou laboral, para o cumprimento dos seus fins, o cal estará integrado no cadro de persoal do Concello e reflectido na correspondente Relación de Postos de Traballo.

### Artigo 10. Colaboracións

1. Fomentarase que persoas voluntarias colaboren con Ames Radio, polos seus coñecementos e interese sobre a radio ou sobre determinados temas, para conseguir unha meirande diversidade e variedade de temas na programación da emisora.

O traballo das persoas colaboradoras será sempre gratuíto e sen que poidan adquirir ningún tipo de dereito nin obriga, nin relación laboral ou funcional, para o cal se asinará o correspondente documento. Si poderán ser indemnizados/as polos gastos que lles ocasione o cumprimento da súa colaboración, nos termos establecidos pola norma existente para tal efecto para os empregados públicos e membros da Corporación, para o cal deberán obter previamente a correspondente autorización por parte do responsable político.

Non obstante, as persoas colaboradoras adquieren o compromiso de manter a colaboración polo tempo ou número de programas que establezan entre ambas as partes. Deberán respectar este compromiso agás causa de forza maior; en caso contrario, serán penalizadas coa imposibilidade de colaborar con Ames Radio durante o tempo que se determine.

Ames Radio promoverá a participación da cidadanía en idade escolar, en risco de exclusión ou vítima de desigualdade e dos maiores co fin de transmitirles formación e información útil sobre os principios da comunicación de masas e nomeadamente do medio radio. Esta participación verase fomentada pola inclusión de eventos formativos axeitados para estes colectivos dentro das actividades anuais da emisora local, planificadas desde o Consello Asesor.

2. Poderá realizar un programa en Ames Radio calquera persoa, asociación ou entidade de Ames que o desexe, que acrediten que a temática a tratar no devandito espazo é de interese para os veciños e veciñas do municipio, nos termos que se establecen neste Regulamento.

Os temas tratados poderán ser de calquera índole, aínda que se priorizarán aqueles que respondan aos plans de actuación aprobados, que resulten de interese para o Concello de Ames ou que estean protagonizados por persoas residentes ou nadas no municipio ou que traballen nel, así como asociacións e colectivos do Concello.

Tamén poderán realizar un programa en Ames Radio outras persoas, asociacións ou entidades non residentes no concello que presenten propostas con estas características.

3. As persoas ou entidades interesadas en realizaren un programa de radio deberán presentar un un proxecto na que se describa con brevidade (aproximadamente, un folio):

- Obxectivos
- Tipo de programa e guión
- Frecuencia de emisión
- Duración do programa
- Persoa, persoas e grupos responsables do programa
- Medios técnicos e recursos humanos e materiais necesarios

O persoal técnico da emisora emitirá un informe para o Consello Asesor da Radio sobre os proxectos recibidos ou sobre as propostas de colaboración. Será o Consello Asesor quen aprobe a inclusión de novos programas e colaboradores. Posteriormente será o responsable político quen faga o nomeamento oficial como colaborador ou colaboradora de Ames Radio.

4. O desenvolvemento dos programas someterase aos requirimentos de formación e ás indicacións técnicas do persoal da emisora.

5. A emisora municipal non se fai responsable das consecuencias xurídicas ou de calquera outro tipo que se deriven das actuacións e opinións vertidas en programas elaborados por persoas ou grupos colaboradores.

6. O Consello Asesor poderá revogar a súa aprobación á colaboración cando nesta se contraríen os principios de funcionamento de Ames Radio establecidos no artigo 3.1 deste mesmo regulamento, cuxo coñecemento por parte das persoas colaboradoras debe facerse constar canda o proxecto de programa.

## **PUBLICIDADE**

### **Artigo 11. Publicidade municipal**

1. Cando o Concello de Ames pretenda emitir publicidade institucional a través do servizo público municipal Ames Radio, deberá achegarlle á Radio coa debida antelación o contido da campaña publicitaria, acompañada do produto concreto cuxa emisión se pretende, ou a idea que se pretende no caso de que o contido concreto do acto publicitario teña que desenvolverlo a radio municipal.

A proposta deberá acompañarse das indicacións necesarias en canto ao tempo e número de anuncios e/ou cuñas de radio, e conterá así mesmo os horarios nos que se pretende emitir.

En función dos compromisos adquiridos en materia de publicidade, o persoal de Ames Radio aceptará a proposta ou formulará as obxeccións pertinentes por escrito, e o Concello deberá efectuar os axustes necesarios para a súa emisión.

2. En caso de urxencia ou catástrofe pública, a publicidade institucional gozará de preferencia para a súa emisión.

3. A emisión de publicidade institucional ou o seu deseño non poderán xerar custos para o servizo de Ames Radio.

### **Artigo 12. Publicidade privada**

1. A captación de publicidade privada xestionarase con medios externos, previa licitación.

2. O Concello aprobará o texto do contrato de publicidade que asinen entre o axente externo e os anunciantes. Igualmente dará instrucións ao axente externo en relación ao formato dos anuncios.

3. A emisión de publicidade privada está condicionada á emisión de publicidade institucional en caso de urxencia ou catástrofe pública e en xeral aos intereses xerais do Concello. Esta circunstancia deberá quedar reflectida no contrato de publicidade que se asine cos anunciantes privados.

4. O custo dos anuncios e a tipoloxía de contratos de publicidade, beneficios, exencións, etc. fixaranse na correspondente ordenanza.

### **Artigo 13. Normas de xestión da publicidade de Ames Radio**

1. O persoal da radio municipal efectuará un rexistro da publicidade que se emita cada día con especificación dos seus beneficiarios, tempo de emisión, número de contrato e número de autoliquidación dos dereitos de emisión regulados por esta Ordenanza.

2. Por esixencia da programación do servizo, non se admitirán renuncias nin desestimacións dos servizos contratados. Non procederá a devolución das cantidades pagadas cando a publicidade non se efectúe por causas imputables ao solicitante.

3. O Concello resérvase o dereito de admisión ou suspensión daqueles anuncios publicitarios que atenten contra os dereitos regulados ao abeiro da Constitución, sobranceiramente os que atenten contra a igualdade ou conteñan mensaxes explícitas ou implícitas discriminatorias por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

4. A publicidade que se produza na emisora farase e emitírase en lingua galega.

5. A publicidade inserida nas emisións (cuñas, patrocinios) non poderá superar en total os 8 minutos por hora de relox.

Os espazos patrocinados incluírán un **máximo** de 90 segundos de publicidade directa da empresa patrocinadora por cada 15 minutos de emisión.

As entrevistas comerciais e os consellos comerciais incluídos nun espazo irán identificados ao comezo e ao final como publicidade, para separalos do resto dos contidos elaborados pola radio municipal.

6. A emisión de publicidade ordenarase segundo a entrada de solicitudes presentadas. En todo caso, a emisora resérvase o dereito de determinar o momento de radiación das cuñas. No caso de que a persoa, entidade ou axencia desexe emitir o seu anuncio nun horario determinado, terá un recargo do 20%, agás no caso dos patrocinios, que estarán supeditados ao horario de emisión do espazo patrocinado.

7. Por causas de forza maior ou de programación, as emisións poderán variar a localización orixinal da publicidade ordenada. Polos mesmos motivos, poderase decidir tamén a súa suspensión; nese caso xestionarase co contratante a posible recuperación da publicidade ou a devolución das tarifas aboadas.

8. A inclusión de músicas ou efectos sonoros nas cuñas farase utilizando por defecto material exento de aboar licenza por primeira fixación de obras en anuncios publicitarios. No caso de que o anunciante desexe incluír melodías ou efectos pertencentes a autores ou compañías discográficas determinadas, o anunciante ou a axencia en quen se delegue para a sinatura do contrato asumen todas as responsabilidades que se deriven.

9. A prestación do servizo de gravación de cuñas para asociacións e entidades sen ánimo de lucro estará condicionada pola dispoñibilidade de horario e de material técnico para levalo a cabo. En calquera caso, a solicitude deberá facerse como mínimo 48 horas antes da gravación ao persoal técnico da emisora e deberá acompañarse co guiñón da cuña.

## **RÉXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 14. Lexislación**

O réxime económico da emisora como calquera outro servizo xestionado directamente, está abranguido dentro dos ditados da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais lexislación aplicable.



#### **Artigo 15. Ingresos**

Ames Radio poderá contar con ingresos procedentes de:

- a) A consignación recollida especificamente no orzamento municipal de cada exercicio económico.
- b) A concesión de subvencións que se obteñan dos organismos competentes.

#### **Artigo 16. Plan económico anual**

O Consello Asesor aprobará anualmente a proposta de plan económico coa antelación abonda para que a Intervención do Concello a teña en conta no anteproxecto de orzamentos.

#### **Artigo 17. Bens e equipamentos**

1. O coidado da infraestrutura técnica de Ames Radio estará ao cargo do seu persoal técnico.
2. Poderán utilizarse e sacarse fóra do recinto os equipos necesarios para o desenvolvemento dun programa, para o cal as persoas que os utilicen deberán cubrir a ficha correspondente, a cal necesariamente deberá contar coa autorización expresa do persoal técnico de Ames Radio.

### **DEREITO DE RECTIFICACIÓN**

#### **Artigo 18. Dereito de rectificación**

Ames Radio garante o dereito de rectificación nos termos establecidos pola lexislación vixente.

### **DEREITO DE ACCESO E USO DE AMES RADIO POR PARTE DOS/AS CONCELEIROS/AS E DOS GRUPOS MUNICIPAIS**

#### **Artigo 19. Dereito de acceso**

Todos os grupos municipais e todos os concelleiros/as teñen garantido o dereito de acceso e uso de Ames Radio, segundo o disposto neste Regulamento e o que se estableza, en función desta mesma norma, na programación radiofónica aprobada e baixo a supervisión do persoal técnico.

#### **Artigo 20. Tempo de acceso**

- 1 O tempo reservado para o uso de Ames Radio polos concelleiros/as e grupos municipais será idéntico para todos eles, e non superará os 20 minutos semanais.
- 2 A asignación específica de espazos e tempos en Ames Radio para os grupos municipais e concelleiros/as formará parte do seu plan de programación, que detallará o tipo e o modelo de programa e espazo de utilización.  
Para isto, o alcalde ou alcaldesa convocará os voceiros dos grupos municipais e os concelleiros/as non adscritos/as para acordar o tempo máximo de uso de Ames Radio en días e horas dos programas que se vaian realizar.
- 3 O resto da información municipal que emita Ames Radio poderá incluír entrevistas e declaracións dos concelleiros/as que, no exercicio das súas competencias, xeren información deste tipo.
- 4 O goberno municipal dispoñerá dun espazo específico recollido na programación para responder as preguntas formuladas polos radiooíntes a través dos diversos medios que se dispoñan (teléfono -directo e atendedor-, correo electrónico, formularios, carta...).

#### **Artigo 21. Deber de respecto**

As intervencións das concelleiras e concelleiros deberán garantir o respecto mutuo. Evitarase a confrontación persoal e gardarase as normas básicas de conduta e cortesía públicas.

#### **Artigo 22. Campañas electorais**

Durante os diversos períodos de campaña electoral non se poderá contratar espazos de publicidade electoral, de acordo coa Lei orgánica 10/1991, do 8 de abril, de publicidade electoral en emisoras municipais de radiodifusión sonora.

Os partidos e agrupacións que concorran ás eleccións municipais en Ames terán dereito durante a campaña electoral a espazos gratuítos de propaganda nos termos e condicións que estableza a Xunta Electoral. Este dereito só se garante para os comicios locais.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**

Queda derrogado o Regulamento interno da emisora radio municipal de Ames (BOP 238 do 15 de outubro de 2004).

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación deste Regulamento serán resoltas polo responsable político de Ames Radio.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

*Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo ao que se refire o art. 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e manterá a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*

(.....)

Antes de someter o asunto a votación a concelleira de Comunicación, Natividad de Jesús González Rodríguez, expuxo que foi aceptada a redacción alternativa do artigo 6.2 que propuxo, xa na comisión informativa, o concelleiro Enrique Costas Bastero.

Logo de finalizar as intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a segunda modificación do Regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal de frecuencia modulada Ames – Radio do Concello de Ames sendo o seu texto íntegro modificado o que figura como anexo I.

**Segundo.-** Publicar o dito acordo de aprobación inicial da modificación, por prazo de 30 días hábiles a efectos de exame e reclamacións.

Para o suposto de non presentarse reclamacións a aprobación inicial da modificación quedará elevada a definitiva de xeito automático. O acordo de aprobación inicial será publicado no BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

**Terceiro.-** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## **Anexo I**

### **REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA EMISORA MUNICIPAL DE FRECUENCIA MODULADA AMES RADIO DO CONCELLO DE AMES PRINCIPIOS XERAIS**

#### **Artigo 1. Obxecto do Regulamento**

1. Este Regulamento, de acordo coa Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, ten por obxecto regular a organización e funcionamento da emisora de radio municipal Ames Radio e os servizos electrónicos asociados que dela poidan derivar, así como a definición das súas misións de servizo público.
2. O Concello de Ames prestará este servizo público mediante xestión directa e rexerese polo disposto na lexislación aplicable e no presente Regulamento.
3. O límite territorial de difusión de Ames Radio é o propio término municipal.

#### **Artigo 2. Misión e funcións de Ames Radio**

1. A misión de Ames Radio é fornecer un servizo público de radiodifusión que fomente a información, o lecer, a formación e a participación dos veciños/as do Concello de Ames en todas as cuestións que afecten ao municipio, contribuíndo á creación dun espazo de comunicación local.
2. Para o cumprimento da dita misión, Ames Radio realizará as seguintes funcións:
  - a) Ofrecer un conxunto de espazos radiofónicos orientados a satisfacer as necesidades democráticas, sociais, educativas e culturais da veciñanza.
  - b) Prestar especial atención á comunidade local, tanto no referente ao seu ámbito de emisión como aos contidos da súa programación como aos participantes.
  - c) Garantir o acceso a unha información veraz, obxectiva e equilibrada sobre o que acontece no concello ou aquilo que afecte á súa veciñanza, así como ás súas diversas expresións sociais e culturais.
  - d) Informar de modo obxectivo das actividades e propostas da Corporación Municipal, facilitando a participación de todos os grupos políticos e concelleiros/as.
  - e) Fornecer unha oferta de lecer de calidade.
  - f) Difundir e fomentar a lingua e a cultura galega, con respecto á riqueza inmaterial de todas as culturas que conforman a comunidade de Ames.
  - g) Promover o desenvolvemento da economía, a cultura -en particular, a música-, o medio e o deporte locais en todas as súas facetas, facilitando a participación das diferentes asociacións e grupos do municipio de Ames.
  - h) Promover a igualdade entre as persoas, difundindo actuacións de sensibilización e boas prácticas.

- i) Facilitar o acceso á emisora das persoas, asociacións e grupos que o soliciten, sen prexuízo de salvagardar a planificación e ordenación das emisións e programas previstos desde a organización interna da emisora.
- j) Favorecer a participación dos nenos e nenas e da mocidade en idade escolar do municipio e enriquecer a súa formación sobre os medios de comunicación mediante a organización de visitas, cursos e programas de carácter formativo.
- k) Calquera outra non prevista neste regulamento e que resulte axeitada para o cumprimento da misión da radio.

### **Artigo 3. Principios e criterios**

1. A actividade de Ames Radio inspirarase nos seguintes principios:

- a) A obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións
- b) A separación entre informacións e opinións, identificando a quen sustenta estas últimas e a súa libre expresión cos límites do artigo 20 da Constitución.
- c) O respecto ao pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico.
- d) O respecto á honra, á fama, á vida privada das persoas e cantos dereitos e liberdades recoñece a Constitución e as leis.
- e) A protección da xuventude e a infancia, excluindo a exaltación da violencia e a apoloxía dos feitos e condutas atentatorias contra a vida, a liberdade e a igualdade entre homes e mulleres.
- f) O respecto dos valores recollidos no art. 14 da Constitución en relación á igualdade, sen discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- g) O fomento da lingua e da cultura galegas, en cumprimento do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Lei de Normalización Lingüística.

2. Ames Radio funciona con suxeición aos criterios de independencia e profesionalidade.

### **Artigo 4. Lingua**

A lingua propia da emisora municipal Ames Radio é o galego, idioma propio de Galicia e do Concello de Ames. Esta será a lingua empregada normalmente por Ames Radio e, xa que logo, a programación será en idioma galego na súa totalidade, sen prexuízo dos dereitos lingüísticos da persoas ou entidades que participen ocasionalmente nela.

## **ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **Artigo 5. Pleno do Concello de Ames**

Serán competencia do Pleno do Concello de Ames as seguintes cuestións en relación con Ames Radio:

- a) Velar polo respecto dos principios e criterios de actuación anteditos no artigo 3.
- b) Aprobar os plans de actuacións.
- c) Aprobar o cadro de persoal de Ames Radio dentro da Relación de Postos de Tráballo do Concello.
- d) Aprobar as consignacións anuais aplicables ao servizo dentro do orzamento municipal.
- e) Aprobar os prezos e tarifas que se establezan por publicidade.

### **Artigo 6. Consello Asesor de Comunicación**

1. Crearase o Consello Asesor de Comunicación como órgano asesor do Pleno do Concello en materia de comunicación, incluíndo a radio municipal. A súa constitución formal terá lugar por resolución da Alcaldía.

2. O Consello Asesor de Comunicación estará formada polos seguintes membros:

- Presidente/a: o/a responsable político a que se refire o artigo 7.
- Un/unha representante de cada grupo municipal, respectando os dereitos dos concelleiros/as non adscritos/as, de ser o caso.
- A iniciativa da presidencia poderase invitar a asistir as sesións do Consello a aquel ou aqueles concelleiros/as que non formen parte do mesmo e cuxa presenza se considere oportuna, os cales poderán acudir en calidade de observadores con voz pero sen voto e retribución. En todo caso serán obxecto desta invitación os membros do Grupo Mixto, de existir, que non ostenten a representación do grupo.
- O Consello queda aberto á participación do tecido asociativo, mediante convite para integrarse no mesmo dirixido á asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. Aquelas que decidan participar designarán representante titular e suplente que será convocado/a ás reunións do órgano. Os representantes do tecido asociativo no Consello non se computarán a efectos da fixación do quórum mínimo de asistentes para á válida constitución das súas reunións.
- Un/unha profesional do sector que designe o Colexio de Xornalistas de Galicia
- Un/unha técnico/a de Ames Radio
- Un/unha representante dos colaboradores/as de Ames Radio, de ser o caso

- Un funcionario ou funcionaria do Concello, que actuará como secretario/a.

O Consello Asesor de Comunicación renovarase con posterioridade ás eleccións municipais, no prazo máximo de tres meses desde a celebración destas.

3. O Consello Asesor reunirse, con carácter ordinario, como mínimo dúas veces ao ano, no primeiro e no segundo semestre, e con carácter extraordinario sempre que sexa necesario ou urxente, presidido polo responsable político. Será necesaria a asistencia de, polo menos, a terceira parte dos membros para a celebración da reunión. Os acordos serán tomados por consenso; de non acadalo, os asuntos serán sometidos a votación e adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, o voto do presidente/a do Consello Asesor será de calidade. Os acordos reflectiránse en actas.

4. Serán funcións do Consello Asesor de Comunicación, en relación coa radio:

- a) Intervir na elaboración dos plans de actuación da Radio, cos obxectivos que se perseguen para cada período, e propoñerlles ao Pleno.
- b) Propoñer ao Pleno do Concello o cadro de persoal, o plan económico anual (cos ingresos e gastos, que se deben incluír no orzamento xeral) e as melloras técnicas que sexan necesarias para cumprir os plans de actuación.
- c) Propoñerlle ao Pleno as tarifas ou prezos por emisión de publicidade.
- d) Aprobar as propostas de programación, así como de colaboradores e de novos espazos.
- e) Emitir informe sobre a asignación de espazos e tempos para o acceso e uso deste medio por parte dos concelleiros e grupos municipais, e velar polo seu cumprimento.
- f) Resolver os conflitos que se susciten en relación co exercicio do dereito de rectificación.
- g) Responder as queixas dos usuarios do servizo.
- h) Elaborar o informe previo da carta de servizos.
- i) En xeral, formular propostas para mellorar a calidade, a eficacia e a eficiencia do servizo.

#### **Artigo 7. Responsable político**

1. O responsable político da radio será o alcalde/alcaldesa ou o concelleiro/a en quen estean delegadas as competencias en comunicación.

2. Ao responsable político correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Impulsar o servizo da radio, de acordo con este regulamento e cos plans de actuación.
- b) A dirección, administración e xestión económica e de persoal de máximo nivel da radio.
- c) Desempeñar a representación máis alta de Ames Radio.
- d) Executar e velar polo cumprimento dos acordos relativos a Ames Radio.
- e) Convocar e presidir as sesións do Consello Asesor de Comunicación.
- f) Cantas outras funcións lle sexan conferidas pola lexislación vixente.

#### **Artigo 8. Responsable técnico/a**

1. Un dos postos do persoal adscritos a Ames Radio terá ademais a máxima responsabilidade técnica de xestión do servizo. As características deste posto (forma de provisión, retribucións, incompatibilidades, etc) reflectiránse na relación de postos de traballo (RPT) do Concello.

2. Ao/a responsable técnico correspóndenlle as seguintes funcións:

- Coordinar o servizo de acordo con este regulamento e cos plans de actuacións aprobados.
- Elaborar a proposta de programación radiofónica de cada tempada de acordo cos plans e coas propostas de colaboración aprobadas polo Consello Asesor.
- Elaborar o informe de ingresos e gastos, para presentarllo ao Consello Asesor.
- Ditar instrucións relativas ao funcionamento técnico e á organización interna.
- Actualizar inventario.
- Custodiar as dependencias, equipamentos e bens da radio, de propiedade municipal.
- Propoñerlle ao Consello Asesor as medidas de mellora.
- Desempeñar a representación ordinaria de Ames Radio.

### **PERSOAL E COLABORACIÓNS**

#### **Artigo 9. Persoal da emisora**

A emisora Ames Radio disporá do persoal necesario, funcionario ou laboral, para o cumprimento dos seus fins, o cal estará integrado no cadro de persoal do Concello e reflectido na correspondente Relación de Postos de Traballo.

#### **Artigo 10. Colaboracións**

1. Fomentarase que persoas voluntarias colaboren con Ames Radio, polos seus coñecementos e interese sobre a radio ou sobre determinados temas, para conseguir unha meirande diversidade e variedade de temas na programación da emisora.

O traballo das persoas colaboradoras será sempre gratuíto e sen que poidan adquirir ningún tipo de dereito nin obriga, nin relación laboral ou funcional, para o cal se asinará o correspondente documento. Si poderán ser indemnizados/as polos gastos que lles ocasione o cumprimento da súa colaboración, nos termos establecidos pola norma existente para tal efecto para os empregados públicos e membros da Corporación, para o cal deberán obter previamente a correspondente autorización por parte do responsable político.

Non obstante, as persoas colaboradoras adquiren o compromiso de manter a colaboración polo tempo ou número de programas que establezan entre ambas as partes. Deberán respectar este compromiso agás causa de forza maior; en caso contrario, serán penalizadas coa imposibilidade de colaborar con Ames Radio durante o tempo que se determine.

Ames Radio promoverá a participación da cidadanía en idade escolar, en risco de exclusión ou vítima de desigualdade e dos maiores co fin de transmitirles formación e información útil sobre os principios da comunicación de masas e nomeadamente do medio radio. Esta participación verase fomentada pola inclusión de eventos formativos axeitados para estes colectivos dentro das actividades anuais da emisora local, planificadas desde o Consello Asesor.

2. Poderá realizar un programa en Ames Radio calquera persoa, asociación ou entidade de Ames que o desexe, que acrediten que a temática a tratar no devandito espazo é de interese para os veciños e veciñas do municipio, nos termos que se establecen neste Regulamento.

Os temas tratados poderán ser de calquera índole, aínda que se priorizarán aqueles que respondan aos plans de actuación aprobados, que resulten de interese para o Concello de Ames ou que estean protagonizados por persoas residentes ou nadas no municipio ou que traballen nel, así como asociacións e colectivos do Concello.

Tamén poderán realizar un programa en Ames Radio outras persoas, asociacións ou entidades non residentes no concello que presenten propostas con estas características.

3. As persoas ou entidades interesadas en realizaren un programa de radio deberán presentar un proxecto na que se describa con brevidade (aproximadamente, un folio):

- Obxectivos
- Tipo de programa e guión
- Frecuencia de emisión
- Duración do programa
- Persoa, persoas e grupos responsables do programa
- Medios técnicos e recursos humanos e materiais necesarios

O persoal técnico da emisora emitirá un informe para o Consello Asesor da Radio sobre os proxectos recibidos ou sobre as propostas de colaboración. Será o Consello Asesor quen aprobe a inclusión de novos programas e colaboradores. Posteriormente será o responsable político quen faga o nomeamento oficial como colaborador ou colaboradora de Ames Radio.

4. O desenvolvemento dos programas someterase aos requirimentos de formación e ás indicacións técnicas do persoal da emisora.

5. A emisora municipal non se fai responsable das consecuencias xurídicas ou de calquera outro tipo que se deriven das actuacións e opinións vertidas en programas elaborados por persoas ou grupos colaboradores.

6. O Consello Asesor poderá revogar a súa aprobación á colaboración cando nesta se contraríen os principios de funcionamento de Ames Radio establecidos no artigo 3.1 deste mesmo regulamento, cuxo coñecemento por parte das persoas colaboradoras debe facerse constar canda o proxecto de programa.

## PUBLICIDADE

### Artigo 11. Publicidade municipal

1. Cando o Concello de Ames pretenda emitir publicidade institucional a través do servizo público municipal Ames Radio, deberá achegarlle á Radio coa debida antelación o contido da campaña publicitaria, acompañada do produto concreto cuxa emisión se pretende, ou a idea que se pretende no caso de que o contido concreto do acto publicitario teña que desenvolverlo a radio municipal.

A proposta deberá acompañarse das indicacións necesarias en canto ao tempo e número de anuncios e/ou cuñas de radio, e contera así mesmo os horarios nos que se pretende emitir.

En función dos compromisos adquiridos en materia de publicidade, o persoal de Ames Radio aceptará a proposta ou formulará as obxeccións pertinentes por escrito, e o Concello deberá efectuar os axustes necesarios para a súa emisión.

2. En caso de urxencia ou catástrofe pública, a publicidade institucional gozará de preferencia para a súa emisión.

3. A emisión de publicidade institucional ou o seu deseño non poderán xerar custos para o servizo de Ames Radio.

### Artigo 12. Publicidade privada

1. A captación de publicidade privada xestionarase con medios externos, previa licitación.

2. O Concello aprobará o texto do contrato de publicidade que asinen entre o axente externo e os anunciantes. Igualmente dará instrucións ao axente externo en relación ao formato dos anuncios.

3. A emisión de publicidade privada está condicionada á emisión de publicidade institucional en caso de urxencia ou catástrofe pública e en xeral aos intereses xerais do Concello. Esta circunstancia deberá quedar reflectida no contrato de publicidade que se asine cos anunciantes privados.

4. O custo dos anuncios e a tipoloxía de contratos de publicidade, beneficios, exencións, etc. fixaranse na correspondente ordenanza.

#### **Artigo 13. Normas de xestión da publicidade de Ames Radio**

1. O persoal da radio municipal efectuará un rexistro da publicidade que se emita cada día con especificación dos seus beneficiarios, tempo de emisión, número de emisión, número de contrato e número de autoliquidación dos dereitos de emisión regulados por esta Ordenanza.

2. Por esixencia da programación do servizo, non se admitirán renuncias nin desestimacións dos servizos contratados. Non procederá a devolución das cantidades pagadas cando a publicidade non se efectúe por causas imputables ao solicitante.

3. O Concello resérvase o dereito de admisión ou suspensión daqueles anuncios publicitarios que atenten contra os dereitos regulados ao abeiro da Constitución, sobranceiramente os que atenten contra a igualdade ou conteñan mensaxes explícitas ou implícitas discriminatorias por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

4. A publicidade que se produza na emisora farase e emitirase en lingua galega.

5. A publicidade inserida nas emisións (cuñas, patrocinios) non poderá superar en total os 8 minutos por hora de reloxo. Os espazos patrocinados incluirán un **máximo** de 90 segundos de publicidade directa da empresa patrocinadora por cada 15 minutos de emisión.

As entrevistas comerciais e os consellos comerciais incluídos nun espazo irán identificados ao comezo e ao final como publicidade, para separalos do resto dos contidos elaborados pola radio municipal.

6. A emisión de publicidade ordenarase segundo a entrada de solicitudes presentadas. En todo caso, a emisora resérvase o dereito de determinar o momento de radiación das cuñas. No caso de que a persoa, entidade ou axencia desexa emitir o seu anuncio nun horario determinado, terá un recargo do 20%, agás no caso dos patrocinios, que estarán supeditados ao horario de emisión do espazo patrocinado.

7. Por causas de forza maior ou de programación, as emisións poderán variar a localización orixinal da publicidade ordenada. Polos mesmos motivos, poderase decidir tamén a súa suspensión; nese caso xestionarase co contratante a posible recuperación da publicidade ou a devolución das tarifas aboadas.

8. A inclusión de músicas ou efectos sonoros nas cuñas farase utilizando por defecto material exento de aboar licenza por primeira fixación de obras en anuncios publicitarios. No caso de que o anunciante desexa incluír melodías ou efectos pertencentes a autores ou compañías discográficas determinadas, o anunciante ou a axencia en quen se delegue para a sinatura do contrato asumen todas as responsabilidades que se deriven.

9. A prestación do servizo de gravación de cuñas para asociacións e entidades sen ánimo de lucro estará condicionada pola dispoñibilidade de horario e de material técnico para levalo a cabo. En calquera caso, a solicitude deberá facerse como mínimo 48 horas antes da gravación ao persoal técnico da emisora e deberá acompañarse co guión da cuña.

### **RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Artigo 14. Lexislación**

O réxime económico da emisora como calquera outro servizo xestionado directamente, está abranguido dentro dos ditados da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais lexislación aplicable.

#### **Artigo 15. Ingresos**

Ames Radio poderá contar con ingresos procedentes de:

- a) A consignación recollida especificamente no orzamento municipal de cada exercicio económico.
- b) A concesión de subvencións que se obteñan dos organismos competentes.

#### **Artigo 16. Plan económico anual**

O Consello Asesor aprobará anualmente a proposta de plan económico coa antelación abonda para que a Intervención do Concello a teña en conta no anteproxecto de orzamentos.

#### **Artigo 17. Bens e equipamentos**

1. O coidado da infraestrutura técnica de Ames Radio estará ao cargo do seu persoal técnico.

2. Poderán utilizarse e sacarse fóra do recinto os equipos necesarios para o desenvolvemento dun programa, para o cal as persoas que os utilicen deberán cubrir a ficha correspondente, a cal necesariamente deberá contar coa autorización expresa do persoal técnico de Ames Radio.

### **DEREITO DE RECTIFICACIÓN**

#### **Artigo 18. Dereito de rectificación**

Ames Radio garante o dereito de rectificación nos termos establecidos pola lexislación vixente.

### **DEREITO DE ACCESO E USO DE AMES RADIO POR PARTE DOS/AS CONCELEIROS/AS E DOS GRUPOS MUNICIPAIS**

#### **Artigo 19. Dereito de acceso**

Todos os grupos municipais e todos os concelleiros/as teñen garantido o dereito de acceso e uso de Ames Radio, segundo o disposto neste Regulamento e o que se estableza, en función desta mesma norma, na programación radiofónica aprobada e baixo a supervisión do persoal técnico.

#### Artigo 20. Tempo de acceso

1 O tempo reservado para o uso de Ames Radio polos concelleiros/as e grupos municipais será idéntico para todos eles, e non superará os 20 minutos semanais.

2 A asignación específica de espazos e tempos en Ames Radio para os grupos municipais e concelleiros/as formará parte do seu plan de programación, que detallará o tipo e o modelo de programa e espazo de utilización.

Para isto, o alcalde ou alcaldesa convocará os voceiros dos grupos municipais e os concelleiros/as non adscritos/as para acordar o tempo máximo de uso de Ames Radio en días e horas dos programas que se vaian realizar.

3 O resto da información municipal que emita Ames Radio poderá incluír entrevistas e declaracións dos concelleiros/as que, no exercicio das súas competencias, xeren información deste tipo.

4 O goberno municipal dispoñerá dun espazo específico recollido na programación para responder as preguntas formuladas polos radiooíntes a través dos diversos medios que se dispoñan (teléfono -directo e atendedor-, correo electrónico, formularios, carta...).

#### Artigo 21. Deber de respecto

As intervencións das concelleiras e concelleiros deberán garantir o respecto mutuo. Evitarase a confrontación persoal e gardarase as normas básicas de conduta e cortesía públicas.

#### Artigo 22. Campañas electorais

Durante os diversos períodos de campaña electoral non se poderá contratar espazos de publicidade electoral, de acordo coa Lei orgánica 10/1991, do 8 de abril, de publicidade electoral en emisoras municipais de radiodifusión sonora.

Os partidos e agrupacións que concorran ás eleccións municipais en Ames terán dereito durante a campaña electoral a espazos gratuítos de propaganda nos termos e condicións que estableza a Xunta Electoral. Este dereito só se garante para os comicios locais.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda derogado o Regulamento interno da emisora radio municipal de Ames (BOP 238 do 15 de outubro de 2004).

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación deste Regulamento serán resoltas polo responsable político de Ames Radio.

#### DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo ao que se refire o art. 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e manterá a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

### Punto Sétimo. Aprobación proxecto técnico de Rede de saneamento no lugar de Castelo. Actuación vinculada o Ciclo Integral da Auga (C.I.A.).

#### Expediente 2020/X999/000026

Figura no expediente informe conxunto de Intervención e de Secretaría, que serve de motivación ó acordo, do teor literal seguinte:

**ASUNTO: Aprobación proxecto técnico de Rede de saneamento no lugar de Castelo. Actuación vinculada o Ciclo Integral da Auga (C.I.A.).**

*Expediente 2020/X999/000026*

*Proxecto non previsto nominativamente no orzamento.*

*Antecedentes.*

*No orzamento municipal 2019, prorrogado para o 2020, inclúese unha partida para actuacións vinculadas ó ciclo integral da auga, por importe de 100.000 euros.*

*Estas actuacións teñen que definirse ao longo do exercicio para poder iniciar os correspondente expedientes de licitación.*

Elaborado o proxecto técnico que define unha das actuacións a realizar, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, cun orzamento de execución por contrata de 33.192,78 euros, o mesmo foi informado favorablemente polo técnico do Ciclo Integral da Auga, Esteban de la Fuente Rodríguez.

**Lexislación aplicable.**

Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (LRBRL).

**Fundamentos xurídicos.**

**Primeiro.**- A competencia para a aprobación dos proxectos non previstos no orzamento corresponde ao Pleno do Concello, sen quórum especial, por aplicación do previsto nos artigos 22 e 47 LRBRL.

Artigo 22.2.ñ LRBRL: Corresponde, en todo caso, ao pleno municipal a seguinte atribución: a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando aínda non están previstos no orzamento.

Se ben o orzamento municipal no anexo de investimentos recolle unha contía total de 100.000 euros vinculados o Ciclo Integral da Auga, non figura de forma nominativa ningunha actuación. Dado que se pretende a licitación da obra de Rede de Saneamento no lugar de Castelo, procede a aprobación do proxecto polo Pleno do Concello.

**Segundo.**- O proxecto técnico foi informado favorablemente pola técnico municipal do Ciclo Integral da Auga, Esteban de la Fuente Rodríguez. No seu informe indica

- a) Que o proxecto documentalmente é completo
- b) Que non se precisa estudo xeotécnico.
- c) Que as obras contempladas no proxecto son completas e que non se precisa supervisión técnica.
- d) que os terreos sobre os que se proxectan as actuacións son de titularidade do concello e que non precisa autorización sectoriais.

Por todo o exposto informase favorablemente que o pleno do Concello de Ames, sen quórum especial adopte os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar o proxecto técnico redactado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos, de Rede de Saneamento no lugar de Castelo cun orzamento de execución por contrata de 33.192,78 euros.

**Segundo.**- Facultar ao señor alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

(.....)

Logo de finalizar as intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar o proxecto técnico redactado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos, de Rede de Saneamento no lugar de Castelo cun orzamento de execución por contrata de 33.192,78 euros.

**Segundo.**- Facultar ao señor alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**Punto Oitavo. Proposta presentada polo concelleiro José Ramón Oulego Erroz (Grupo Mixto), relativa á adhesión ao programa Viogen. (R.E. 20200000000461 de 16.01.2020).**

O concelleiro propoñente retira o punto 1 da proposta de acordo mantendo o resto da proposta tal e como foi presentada.

Durante o transcurso do debate a concelleira do grupo municipal popular, María Oliva Agra Costoya, solicita que este asunto quede enriba da mesa.

Logo de finalizar o debate, se somete a votación a proposta de María Oliva Agra Costoya de que o asunto quede enriba da mesa. O Pleno unanimemente acorda que o asunto quede enriba da mesa.

**Punto Noveno. Proposta presentada polo grupo municipal Socialista sobre a política do Goberno galego en relación a prestación do servizo de Pediatría (R.E. núm 20200000000605 de 20.01.2020)**

(.....)

Logo de finalizar as intervencións o Pleno da Corporación por maioría absoluta dos seus membros, co voto en contra dos/das 6 concelleiros/as do Grupo Municipal Popular; e o voto a favor dos restantes membros da Corporación Municipal (8 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista; 3 concelleiros/as do Grupo Municipal BNG; 2 concelleiras do Grupo Municipal Contigo Podemos; e os concelleiros do grupo Mixto, Enrique Costas Bastero e José Ramón Oulego Erroz), presta aprobación á proposta do teor literal seguinte:



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu, de forma clara, a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas das comarcas da nosa provincia.*

*Esta decisión ten que ver coa necesidade, cada vez máis recorrente, de resolver o problema derivado das vacacións e baixas dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas baixas.*

*Noutros centros, a ausencia de pediatra cóbrease con médicos de medicina familiar. Esta problemática aínda que soe estar, fundamentalmente, concentrada no rural, tamén está afectando a Concellos como o noso, sendo un exemplo máis de:*

- a) *Manifesta falta de compromiso do goberno galego hacia o rural da nosa provincia en particular e da calidade do servizo en xeral.*
- b) *Posta en práctica dunha clara intención de concentración da poboación en vilas e cidades.*
- c) *Irresponsabilidade como goberno de afrontar, de xeito serio e real, o grave problema demográfico que estamos a vivir na nosa provincia, ao igual que no conxunto de Galicia.*

*O peor desta situación é que a Xunta de Galicia non é quen de garantir que a agrupación de profesionais ou a agrupación de varios concellos nun único Centro de Atención Pediátrica sexa unha decisión temporal, senón máis ben o contrario, o que acentúa a preocupación de pais e nais que cada vez dubidan máis da continuidade do servizo de pediatría en primaria nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.*

*Existen diversos problemas que recrudescen o problema da ausencia de profesionais de pediatría:*

1. *Unha nula vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos o aumento notorio de prazas de MIR previa*
2. *Deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais*
3. *Ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo*
4. *prazo que non só eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.*

*O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, de aí a agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan como puntos de referencia comarcais.*

*É urxente considerar o servizo de pediatría coa importancia que merece e facer un plantexamento común que resolva o problema actual e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo moi demandado, valorado e necesario para cidadanía.*

*É o caso do Concello de Ames, cunha poboación de atención pediátrica importante que levamos padecendo a falta de profesionais dende hai anos xa que non se están a cubrir baixas nin vacacións, tendo que ser atendidos polo médico de familia sen experiencia nin formación pediátrica de ningún tipo ou desprazarse ata o servizo de urxencias.*

*Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:*

- *Dotar da maior estabilidade posible aos/as profesionais de pediatría, traballadores do Sistema galego de saúde, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por motivos de condicións laborais.*
- *Atrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.*
- *Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o máis áxil posible do problema da ausencia de persoal para o servizo.*
- *Acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.*
- *Continuar coa implantación de enfermaría pediátrica, xa que a pesar da creación da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.*

**Punto Décimo. Proposta presentada polo grupo municipal Socialista sobre o financiamento das entidades locais na prestación do servizo de Axuda no Fogar. (R.E. núm 20200000000607 de 20.01.2020).**

(.....)

Logo de finalizar as intervencións o Pleno da Corporación por maioría absoluta dos seus membros, co voto en contra dos/das 6 concelleiros/as do Grupo Municipal Popular; e o voto a favor dos restantes membros da Corporación Municipal (8 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista; 3 concelleiros/as do Grupo Municipal BNG; 2 concelleiros do Grupo Municipal Contigo Podemos; e os concelleiros do grupo

Mixto, Enrique Costas Bastero e José Ramón Oulego Erroz), presta aprobación á proposta do teor literal seguinte:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Pero estamos a asumir, cada vez máis, competencias impropias que deberían asumir outras administracións. Competencias que non veñen acompañadas do suficiente e/ou correspondente financiamento co que facerlles fronte.*

*A Axuda no Fogar é unha desas competencias impropias xa que corresponde as administracións autonómica e estatal pero que, cada vez de xeito máis preocupante está a supoñer unha carga financeira, ás veces xa inasumible, para os orzamentos locais.*

*A Xunta de Galicia achega dende o ano 2008 a cantidade de 9.70 €/hora (como máximo) sen levar a cabo ningunha actualización, quedando estancado o prezo/hora. Outras administracións, como a Deputación de A Coruña, achegan,, dende o ano 2018, a cantidade de 12 €/hora, un prezo máis acorde co custe total do servizo, e aínda así escaso.*

*O que está a suceder neste momento é que os concellos nos vemos na obriga de actualizar as licitacións para a prestación deste servizo. Estas novas licitacións, ás que agora temos que facer fronte dende os concellos, contemplan actualizacións de prezos que van, no caso do noso Concello, dende os 17€/hora ata os case 21€/hora, xa que, como é normal, nos últimos anos os salarios incrementáronse e os convenios colectivos modificáronse.*

*Dito incremento de prezo/hora redundo, en grande medida en:*

*- Unha xusta mellora nas precarias condicións contractuais que a día de hoxe sofren as traballadoras (na súa inmensa maioría) e os traballadores deste servizo.*

*- Unha mellora das prestacións ás persoas usuarias (fundamentalmente persoas maiores e dependentes).*

*Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta:*

*1.- Á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo ao 80% do custe do servizo.*

*2.- Á Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.*

#### **Punto Décimo Primeiro. Proposta presentada polos grupos municipais para solicitar a mellora da seguridade vial na AC-544 ao seu paso polas parroquias do Concello de Ames ( R.E. núm 20200000000638 do 21.01.2020).**

(.....)

Logo de finalizar as intervencións o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros, presta aprobación á proposta do teor literal seguinte:

As concelleiras e concelleiros integrados nos grupos municipais Mixto, PSdG-PSOE, BNG, e Contigo Podemos, presentan para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación Municipal a seguinte proposta instando á Axencia Galega de Infraestruturas a adoptar medidas que melloren a seguridade vial no tramo da AC544 que transcorre polo noso término municipal:

A estrada de titularidade autonómica AC-544, coñecida popularmente como de Bertamiráns a Negreira, é unha vía con unha alta taxa de utilización que discorre en parte polo concello de Ames a través de varias parroquias, entre elas Ortoño, Covas, Ames, Agrón e Trasmonte. Isto implica que no seu percorrido se atopan interseccións que conectan con diversos núcleos de poboación das devanditas parroquias. Ademais a existencia de carrís de incorporación ou saída, ás veces precedidos dun terceiro carril de marcha lenta, en diferentes núcleos constitúen un risco para a veciñanza dos mesmos, ou para os usuarios e usuarias desta estrada, tal e como se pode comprobar coas taxas de sinistralidade que se veñen producindo, incluíndo recentes accidentes con vítimas mortais neste tramo.

As altas velocidades ás que circulan moitos dos vehículos que transitan por esta estrada, sumado ao elevado tráfico, á climatoloxía da zona onde abunda a néboa nalgúns zonas, a escasa iluminación en distintos tramos, e a existencia de paradas de autobús de transporte de viaxeiros nas marxes opostas á aquela na que se atopan as poboacións, obrigando ás persoas usuarias a atravesar de lado a lado esta vía, fan desta estrada unha das máis perigosas do concello de Ames

Conscientes de que a administración titular desta estrada comparte con esta Corporación Municipal a preocupación pola seguridade tanto do tráfico local como dos peóns que utilizan a estrada, instamos á Axencia Galega de Infraestruturas a adoptar no prazo máis breve posible medidas correctoras que permitan acrecentala.

Consideramos, polo tanto, imprescindible que se adopten, dunha parte, medidas de control e disuasorias co obxecto de que os vehículos que utilizan a AC-544 respecten os límites de velocidade establecidos e ralenticen a súa marcha na proximidade dos cruces de acceso aos núcleos.

Por outra parte, solicitamos que se executen actuacións infraestruturais, como pode ser a construción de rotondas, co obxecto de garantir unha incorporación e saída máis segura aos núcleos que o actual sistema de carril central de espera.

Solicitamos tamén que se adopten medidas que permitan o cruce sen risco para os peóns entre os núcleos e as

paradas de transporte público situadas no lado oposto da estrada e que, na medida do posible, sexan compatibles co acceso ás terras de labor das que están separadas pola mesma.

Trátase, en suma, de buscar entre as administracións afectadas o xeito máis eficaz de compatibilizar a función de comunicación interurbana desta importante infraestrutura coa seguridade das veciñas e veciños que viven á súa beira e, tamén de todas as persoas que a utilizan.

**Punto Décimo Segundo. Proposta presentada polo concelleiro José Ramón Oulego Erroz (Grupo Mixto), relativa á conmemoración do día internacional contra a corrupción (R.E. núm 20200000000640 do 21.01.2020).**

(.....)

*Logo de finalizar as intervencións o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros, presta aprobación á proposta do teor literal seguinte:*

*A Organización das Nacións Unidas (ONU) proclamou o 9 de decembro o Día Internacional contra a corrupción, co obxectivo de previr e concienciar sobre este tipo de ilícitos nos países membros. A través desta iniciativa, a ONU alertaba dos efectos nocivos da corrupción a nivel institucional e económico, como xa se fixo co establecemento de obxectivos durante a Convención das Nacións Unidas na Resolución 58/4 da Asemblea Xeral, contra a corrupción, aprobada en 2003 e que foi ratificada por 182 países ata a data.*

*En paralelo, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas quixo dar impulso á loita contra a corrupción no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible previstos na axenda de 2030. Concretamente no Obxectivo número 16, abórdanse medidas nas que se recollía a necesidade de promover prácticas máis responsables, sostibles e inclusivas de cara á xestión política.*

*En España, segundo o último barómetro do CIS, a corrupción é un dos principais problemas para os cidadáns, detrás do paro, dos políticos e dos problemas económicos. Esta preocupación xera a desafección española cara aos seus políticos e cara á vida institucional en xeral, todo elo agravado polos casos de corrupción protagonizados polos principais partidos políticos e actores en democracia.*

*Recentemente, testemuñamos como a Xustiza tomou cartas no asunto, dando publicidade da sentenza no caso ERE. A Audiencia Provincial de Sevilla considerou a dous ex-presidentes e varios ex-ministros dos gobernos socialistas responsables dunha rede fraudulenta, que se aproveitaba das axudas públicas concedidas a empresas en situación de crise.*

*Tampouco podemos esquecer o ocorrido co caso da Gürtel, no que os tribunais condenaron por primeira vez a unha formación política como participe a título lucrativo dun delito de corrupción. Aínda quedan pezas separadas, sobre as que a Fiscalía sigue pedindo que se abran de novo por existir indicios probatorios.*

*Así mesmo, este verán, a Fiscalía tamén denunciou ante a Audiencia Nacional que a familia Pujol ocultara novos fondos en Andorra. Nos catro anos e medio que se leva investigando o caso, cursáronse un importante número de comisións rogatorias aos estados sobre os que existía a sospeita de que a familia Pujol podía ter contas ocultas. A UDEF e a UCO son participes de estas investigacións a día de hoxe e buscan aclarar todos os interrogantes sobre un dos maiores casos de fraude acaecidos no noso país.*

*A repercusión destes sucesos erosionou gravemente a lexitimidade da nosa democracia, ademais de aumentar a desconfianza cara o sector público e reducir os niveis de calidade democrática. En consecuencia, hai que levar a cabo políticas activas que conciencien sobre esta lacra para garantir unha maior transparencia e rendición de contas polos servizos públicos.*

*Consideramos que estes obxectivos non se poden lograr unicamente a través de accións individuais, senón que deben ser o produto dun novo enfoque de gobernanza multinivel no que os gobernos locais e nacionais complementen a súa acción onde o diálogo construtivo entre o sector público, o sector privado e a sociedade civil sea constante.*

*Por todo elo, reafirmamos o noso compromiso para combater a corrupción en todas as súas formas, así como poñer a transparencia, a rendición de contas e a participación no centro das nosas axendas locais e globais.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Ciudadanos propón a adopción do seguinte*

ACORDO

Único.- Que o Concello de Ames mostre o seu apoio á Resolución 58/4 da Asemblea Xeral da Convención das Nacións Unidas.

**Punto Décimo Terceiro. Proposta presentada polo concelleiro José Ramón Oulego Erroz (Grupo Mixto), en apoio aos órganos constitucionais e para instar ao actual goberno de España a non realizar concesións aos grupos independentistas. (R.E. 20200000000641 do 21.01.2020).**

(.....)

Logo de finalizar as intervencións o Pleno da Corporación por maioría absoluta dos seus membros, co voto a favor dos/das 6 concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Mixto, José Ramón Oulego Erroz; e o voto en contra dos restantes membros da Corporación Municipal (8 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista; 3 concelleiros/as do Grupo Municipal BNG; 2 concelleiras do Grupo Municipal Contigo Podemos; e o concelleiro do grupo Mixto, Enrique Costas Bastero), rexeita a proposta presentada polo concelleiro José Ramón Oulego Erroz (Grupo Mixto), en apoio aos órganos constitucionais e para instar ao actual goberno de España a non realizar concesións aos grupos independentistas. (R.E. 20200000000641 do 21.01.2020).

### **C) MOCIÓNS.**

Preséntanse dúas mocións polo Grupo Municipal Popular.

**Moción presentada polo grupo municipal popular para instar ao presidente do Goberno a que non alcance acordos que vulneren o establecido na nosa carta magna e no resto do ordenamento xurídico español. (R.E. núm. 20200000000881 de 27 de xaneiro de 2020)**

Sometida a ratificación a urxencia da moción presentada, a mesma é ratificada por unanimidade dos membros da Corporación Municipal.

Sometida a votación a moción, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal de membros, cos votos a favor dos 6 concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Mixto, José Ramón Oulego Erroz; e o voto en contra dos restantes membros da Corporación Municipal (8 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista; 3 concelleiros/as do Grupo Municipal BNG; 2 concelleiras do Grupo Municipal Contigo Podemos; e o concelleiro do grupo Mixto, Enrique Costas Bastero), rexeita a moción presentada polo grupo municipal popular para instar ao presidente do goberno a que non alcance acordos que vulneren o establecido na nosa carta magna e no resto do ordenamento xurídico español. (R.E. núm. 20200000000881 de 27 de xaneiro de 2020).

**Moción presentada polo grupo municipal popular para instar ao Goberno a aboar a débeda pendente a Galicia. (R.E. núm.20200000000882 de 27 de xaneiro de 2020)**

Sometida a ratificación a urxencia da moción presentada, a mesma é ratificada por unanimidade dos membros da Corporación Municipal.

Sometida a votación a moción, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal de membros, cos votos a favor dos 6 concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto, José Ramón Oulego Erroz e Enrique Costas Bastero; o voto en contra dos/as 8 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e das 2 concelleiras do Grupo Municipal Contigo Podemos; e a abstención dos/as 3 concelleiros/as do grupo municipal BNG, rexeita a moción presentada polo grupo municipal popular para instar ao goberno a aboar a débeda pendente a Galicia. (R.E. núm.20200000000882 de 27 de xaneiro de 2020)

### **D) PARA CONTROL DO GOBERNO:**

**Punto Décimo Cuarto.- Rogos e Preguntas**

Non chegaron a formularse.

Chegadas ás 24:00 horas do día trinta de xaneiro, tendo en conta o disposto no artigo 33 do Regulamento Orgánico Municipal, o alcalde rematou o acto e levantou a sesión, de todo o que eu, como secretaria, deixo constancia.

Visto e praxe  
O alcalde

A secretaria

:I.F.: P - 1500200 - I